

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Conversa
Falan as irmans de Lister

Galicia

A AMNISTÍA QUE NON CHEGOU



O Grove:
Galicia, a
sete pesetas metro

Portodemouros:
a represa
do señor conde

**"En El estaba a vida, e a vida
é a lus dos homes. E esta lus
relostraba nas tebras"**

| San Xoan 1-4y5 |



FENOSA

BO ANINOVO



DESDE 1.908



El parzo



ESPECIALIDADES:

BONITO
ATUN
ATUN CLARO
SARDIÑAS

MEXILONS
CALAMARES
BERBERECHOS
AMEIXAS

RECORDE SEMPRE QUE O NOSO BONITO E O MILLOR

Onza de Oro, S.L.

FABRICA DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS GALEGOS

teléfonos: 830350
830050

riveiriña
póboa do caramiñal
A CORUÑA - GALICIA

Cartas a Dirección

ANIMOS DENDE O ESTERIOR

«Aunque ustedes se dirigen «aos galegos», su invitación es extensible por su naturaleza a todos los españoles y la ecuentro aún más directa a los asturianos como yo, que admiramos el emocionante esfuerzo cultural y por lo tanto político de la mejor clase, que aflora en estos momentos por toda Galicia. No hablo gallego, lo que me avergüenza como español, al pensar que con esa lengua bellísima de España estamos en la cultura de cien millones de personas que la poseen en sus variantes.

Al leer todos los meses, desde su número uno, «Grial», que es como una «Revista de Occidente» de Galicia, envidio a un viejo pueblo que no se ha dejado morir y se levanta hacia su futuro. A ello ha de ayudar muy eficazmente una revista de información general en su propia lengua».

ENRIQUE RODRIGUEZ BALBIN
Oviedo

«Ruego me envíe a vuelta de correo un formulario para suscribirme enseguida a su revista. Soy gallego de Cedeira y me luce que vamos a tener la mejor revista, no solamente de España, sino del mundo.

Les deseo mucha suerte y espero verlos pronto para felicitarlos personalmente en esa o esta».

CLAUDIO COUTO
Miami Beach-U.S.A.

«Quérovos manifestar a miña grande ledicia polo feito da saída de TEIMA. O mesmo tempo espresávos o meu desexo de ollar unha auténtica revista galega na que esteñan presentes as inque-danzas da nosa Terra, tanto as dos que tendes a sorte de vivir nela, como as dos que andamos espallados polo mundo adiante».

FRANCISCO M. GONZALEZ GARCIA
Baracaldo

UNHA TRIBUNA PUBLICA

«Na miña modestísima opinión, sacar hoxe á rúa unha revista feita en galego merecéme unha grande admiración e un tremendo respe-

to. Galicia padece moitos anos de «castellanización». As nosas xentes —labregas, mariñeiras, traballadoras en calisquera sector— falan o galego, mais non o leen. Eso non deixa de ser un obstáculo serio á hora de coller unha publicación feita no noso idioma. Mais temén, e por eso, é unha obrigación de todos nós, o que as xentes de Galicia escomencen dunha vez por sempre a culturizarse e a sentirse comprometidos co destino de nos país.

Sobor da viabilidade da revista, eu penso que as xentes que se poñan ó frente dela, terán feito un estudo serio, tanto no que vai dende xuntar un bó feixe de xornalistas, unha administración sería que coñeza os secretos que hoxe encerran este tipo de publicacións á hora de arroupala con publicidade e unha distribución baseada no menor coste e a maior eficacia. Os intres polos que atrevese a nosa Terra son francamente óptimos pra que se lle dispense unha boa acollida.

TEIMA ten de ser unha revista de Galicia, pra Galicia. De Galicia, no senso de que coa maior independencia, con obxetividade, plantexa e informe de todo aquilo que epoida interesar aos galegos de todas as clases sociais. Pra Galicia, no senso de que non pode quedar reducida á nosa Terra. Os galegos temos de encontrar en TEIMA todo aquilo que acontece no Estado Español e no mundo enteiro.

TEIMA deberá ser unha tribuna pública dos galegos, calesquera que sexa a súa identidade ou filiación. Galicia é de todos e pra todos. Ninguén se pode encontrar alleo ás páxinas dunha revista —a única— que fale no noso idioma e plantexa o acontecer diario da nosa Terra».

MANUEL REGO NIETO
Ourense

SUXERENCIAS DENDE O FERROL

«Pregolle a inclusión dunha folla ou ficha semanal na que veñan enunciados os asuntos e sucesos máis importantes de cada día da semán pasada. Esta folla sería pra arrincala o lector e coleccionar a historia política, económica e social das noticias máis relevantes, sin ter que manipular a colección das revistas.

Tamén penso que convén poñer unha notiña prós suscriptores, nos primeiros números, no senso de que espallen e amostren ou presten TEIMA, tanto como poidan. A millor propoganda é a revista mesma e o aprecio que fan dela os lectores e suscriptores.

A campaña de suscripcións artellada hoxe, coa ben feita propoganda de man, non deberá rematar cando apareza o primeiro número de TEIMA, aínda que éste leve no seu interior un boletín. Eu penso que nese intre ten de arriquecerse a campaña coa propoganda de man durante un ou dous meses».

LUIS YUSTY GARCIA
Ferrol

FORMAR E INFORMAR

«Calquer observador da historia dos homes, sabe que a forza dos pobos é imparabile. Hai constantes históricas de identidade, de auto-coñecemento, de dignidade, de esixencias socias mínimas que veñen arriba por mais que se trate de afundilas. Quenes tentan de parar estes fenómenos vense superados polas innumerables realidades que os empuxan hastra vencélos.

A revista TEIMA constitúe pra min un espoñente claro de todo esto, por canto significa o agoiro ledo de que os esforzos de quenes teñen tratado arreo, e cegamente, de silenciar a voz galega fracasaron.

A revista TEIMA pode e ten de facer moito ben a Galicia. Os homes novos que a poñen a andar, merecen todo o apoio dos galegos. Espero que no lo neguen.

Señor director: non pode vostede iñorálo. Moitos atrancos agardan no camiño, moitos mais dos que nós coidamos, pro teñen que vencerse. O papel de TEIMA, ó meu entender, debe ser o de formar e informar. Compre un semanario de información xeral pra todos os galegos, sin excepcións».

Adiante, pois, e moita sorte.

JORGE TOCINO MAQUEIRA
Vigo

FIDELIDADE A GALICIA

«O proxecto paréceme excelente por urxente e indispensable. Pra abreviar diría que nace dunha «necesidade circular». Por unha banda, a Galicia nova está a ferver e empuxar; busca un novo xeito de realización e, polo tanto, tamén de expresión. TEIMA non pode ser, claro está, o único camiño desa expresión, pero sí representa un xeito imprescindible: recoller a actualidade e conformála dende a específica perspectiva desa realidade galega era unha tarefa que se estaba impondo por sí mesma e que moitos arelábamos vivamente.

Por outra banda, a revista, que dubita cabe vai incidir á sua vez nese proceso que a orixina e polo que a nova Galicia teima en chegar a sí mesma. A pouco «exitosa» que sexa, despertará concencias, abrirá camiños, posibilitará colaboracións... Será u importante catalizador nese proceso verdadeiramente trascendental i en todo caso irrepetible, que estamos a vivir.

Por eso penso que sí, que terá boa acollida, contando, naturalmente, con que, hoxe e eiquí, siñifica boa acollida: entusiasmo xeneroso nos que xa comprenden e lenta pero segura penetración nos que *aínda non se decataron*.

Difícil decir cómo debería ser TEIMA. Eu agora soio lle pediría unha cousa: fidelidade á realidade galega. Fidelidade por enriba de ambicións pessoais e de intereses de partido. Felicidade do que afinca os pés na terra e adopta como principio fundamental o de servila a ela, aberto a toda a sua complexidade, paciente coas suas contradicións,, respetuoso con todos os seus valores.

Si Galicia manda de verdade en TEIMA, estou espranzadamente seguro de que a revista sairá avante e ganará a aposta do seu título».

ANDRES TORRES QUEIRUGA
Santiago

EDITADA POLA
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION
Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M.* García Palmeiro, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz.

ASESORES
Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura).
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral).
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía).
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino).
Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía).
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa).
Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina).
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca).
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía).
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo).
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo).

AXENCIAS
Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS
Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid).
Carlos Porto (Lisboa).
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya).
Gregorio Gálvez (Euzkadi).
A. Ramos Espejo (Andalucía).
Equipo Andalan (Aragón).
Vicent Ventura (País Valenciá).
Equipo Cort (Balears).
Ramón Luis Chao (París).
F. Pérez-Barreiro (Londres).
Domingo Fernández (Buenos Aires).
Emilia Vázquez (Santiago de Chile).
Baldomero Cores (Puerto Rico).
Fernando Pereira (Montevideo).

DEPARTAMENTO GRAFICO
Manuel Yáñez (fotografía).
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquís (dibuxo).
Mario L. Rico (cartografía).

DIAGRAMACION E CONFECCION
X. M. Gómez Vilasó

SUPERVISION LINGUISTICA
Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.)

XERENCIA:
Alfonso Rivas Fraga

IMPRIME:
La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial
Concepción Arenal, 9-13
A Coruña (Galicia)
Depósito Legal: C-649-1976
Distribue: Sendeiro
Fontiña dos Concheiros, 86-88
Teléfono 597500
Santiago de Compostela
Redacción e Administración: Rúa do Hórreo, 94, entrecán-D.
Teléfono 596741

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores.
Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.

Galicia do sí, do non e do quen sabe

Chega o Nadal e hai galegos na cadea, galegos (milleiros de galegos) co turrón emigrante, o turrón de Munich, de Xinebra, de Lille. Isto é o que conta. Logo do País Vasco, Galicia rexistrou os índices máis altos de abstención. Ourense, concretamente, foi das provincias máis abstencionistas de toda España. Tamén é das provincias con renda per cápita máis baixa e maior número de emigrantes.

Os emigrantes non votaron. Os índices de participación foron moi altos nas cidades se os comparamos co campo, onde vive a meirande parte da poboación galega, a gran maioría esquivada e atrancada na encrucillada da historia. Os paisanos non cren nas urnas, os paisanos cren en moi poucas cousas. Todo o escepticismo deste país amósase neses vellos loitadores coa vida, homes do arado e a corredoira, ameazados polo censo (a Seguridade Social Agraria), polas espropiacións, e cos fillos na Europa do desenrolo económico. Estes homes son esa «Galicia do sí, do non e do quen sabe» que vai pasar mañá, como nos vai queima-la vida mañá... O paisano sabe que no voto do pasado día 15 non se xoga-

ba nada, absolutamente nada do seu futuro, porque o futuro (hoxe) non é seu.

A outra gran abstención foi a dos emigrantes: a outra Galicia que se abstivo masivamente. Cicáis saben que esto non é máis cá continuación de quen non lles soube garantir un posto de traballo na súa terra. ¿Por qué xogar? ¿Pra qué? Esta é a historia dun país que se encolle de hombros porque a historia, o protagonismo da historia veu sempre escrito en letras alleas e lonxanas. A historia dun país que se abstén porque nada do que se di vai con eles e todo faise (sin eles) a milleiros de kilómetros de distancia.

Logo quedan os da cadea, os da amnistía que non chegou, os da longa desesperanza. Tamén estes se abstiveron. Neste Nadal de 1976, rebordados xa os primeiros 365 días da monarquía, hai tres palabras pra sentar na mesa da noiteboa, tres amnistías que non dan chegado: a amnistía do emigrante, a da cadea e a de Galicia, así; que nos colla a todos pra sermos nós mesmos, pra que esa historia non pase por riba de nós coma un vento alleo.

Así, pois, pró Nadal todos na casa.

Editorial

O noso país

- 8 **Medicina privada: morrer ós doce anos.**
- 11 **Amnistía que non chegou**
- 14 **Galicia, a sete pesetas metro: o «affaire» Grovelán**
- 18 **Conversa coas irmás santiaguesas de Lister**
- 21 **A represa do señor conde. Informe sobor de Portodemouros**

- 22 **Pobos ibéricos**
Catalunya: entrevista con Joan Reventós



Resto do mundo

- 24 **China: despóis de Mao**

E as habituais seccións de «Fia-deiro», «Vieiros», Cultura, Opinión e Cartas á Dirección.

VILASO fixo a portada



A dispersión das empresas armadoras e solo aparente.

Unhas corenta mil persoas viven, directa ou indirectamente, do porto da Coruña. Son 3.600 millóns de pesetas de ingresos brutos anuais pola pesca desembarcada. Agora, cando ante a crise se plantexa a necesidade de cambialas estruturas pesqueiras, faise imprescindible coñecer-la distribución da riqueza marítima. En poucas verbas, quen se leva os cartos do peixe. A partir dun estudio de Fernando González Laxe, economista especializado en temas pesqueiros, TEIMA preparou o seguinte informe

A outra faciana da crisis

o poder económico no porto da Coruña

Vostede, galego consumidor, cando merque un kilo de sardiña e lle cobren 38 pesetas debe saber que o precio de venda en lonxa polas mesmas sardiñas foi 9,75 pesetas. O tipo de comercialización, o control oligopólico do mercado, fixo o milagre de multiplicación do precio do peixe. Os dous cadros adxuntos mostran cómo se producen unha serie de pasos intermedios entre o intre da venda das especies hastra que o consumidor nun mercado fai súa a mercancía.

A pesares da aparente dispersión das empresas armadoras ou dos mesmos vendedores, o certo é que no porto da Coruña chegouse á formación de fortes grupos de poder económico, que controlan, como é de supoñer, outros ámbitos da vida do peirao. Xa non é a primeira vez que se escoita falar da «outra Cosa Nostra» no porto da Coruña. Armadores e vendedores están moitas veces vencellados;

por exemplo, o grupo Casal Miño é un dos principais propietarios e vendedores.

TAMEN ALIANZAS

O poder ó que poden chegar certos grupos afirmase moitas veces a traveso de alianzas entre os fortes. Un feito deste tipo déuse co decimo de carioca dunha embarcación de J. Plana, o «Mari - Geni», que orixinou unha alianza entre os grandes armadores do porto da Coruña: R. Casal Miño, J. Planas, S. Neira, R. Martínez (xenro de C. Cudillero, morta hai anos), Correa, etc.

Cabe xa chegar a unha conclusión e é que a expansión do capitalismo pesqueiro está vencellado a dous procesos: o primeiro, ó crecemento da flota, ó fortalecemento dunha forte empresa pesqueira; e a segunda, ós mecanismos de distribución e venda. Son estas bases as que agora se derruban e fan neces-

saria unha reestructuración do sector. O tempo das «vacas flacas» pon en cuestión todo o sistema que se ven mantendo no peirao.

SETE GRUPOS

Os grupos ou oligopolios fórmanse arredor dos propietarios ou ben das persoas adicadas á venda e distribución exclusivamente. Os sete principais son os seguintes: O grupo Casal Miño é vendedor de 36 embarcacións (cinco da súa propiedade); o grupo Neira é vendedor da pesca de 16 embarcacións (catro da súa propiedade); o grupo Rosa Cudillero «Chelo», é o de 18 embarcacións (ningunha da súa propiedade); o grupo Correa Meirama é o de 10 embarcacións (catro propias); o grupo Joaquín Moyano Ruibal é o de 9 embarcacións (dúas propias); o grupo Antonio Iglesias é o de 10 embarcacións (unha delas da súa propiedade)... Outros grupos con menos poder son Correa Jalda, Pedro Corredoira, Hijos de Francisco Rey e Luis López Rodríguez (1).

As consecuencias desta situación oligopolista son claras: refléxanse nos precios de venda das especies e tamén no grado de explo-

O NOSO PAÍS

tación dos traballadores do mar. O consumidor ve como os produtos pesqueiros adquiren un valor nas prazas e mercados máis altos do que deberían estar se as canles de comercialización disminuísen, se o beneficio do intermediario desaparece, se o control do mercado estivese nas mans dos produtores, ou sexa, os mariñeiros.

(1) Sabemos da dificultade de obter datos esactamente fiabéis, máis consultamos moitas fontes; e percuramos dar unha información real anque non desechemos algún erro.

CADRO I. CANLES DE COMERCIALIZACION



FONTE: González Laxe, Fernando. «Estructura da pesca costeira galega». Editorial Galaxia.

CADRO II. COMERCIALIZACION DA SARDIÑA

Precio de venda en lonxa	9,75 ptas./kg.
Precio Xunta de Obras do Porto	2,08 «
Precio Xunta de Obras do Porto	0,20 «
Precio xilo, envases, man de obra	3,00 «
Precio transportes por carretera	1,20 «
Beneficio do esportador	3,31 «
Precio venda do esportador	18,46 «
6% comisión asentador	1,20 «
2% cobranza quebranto	0,34 «
Beneficio asentador	1,54 «
Precio venda mercado central	20,00 «
Arrastre en mercado central	0,40 «
Beneficio minorista	17,80 «
Precio venda ó público	38,00 «

FONTE: Pardellas, X; Verde, X. «Productos pesqueros de Galicia: circuitos comerciais y áreas de mercado». px. 7.

Por se Galicia non tivera xa problemas dabondo derivados da implantación de leis, proxectos ou plans de directriz centralista e ó servizo de contados e concretos intereses, velahí agora a ameaza do chamado Plan Director de Coordinación Territorial. Máis centralista cá propia lei de chan, as súas liñas non teñen en conta a realidade deste país.

O seguinte informe de X. PALMEIRO recolle algúns pormenores e contradicións do Real Decreto, aclarando o por qué da importancia dun tema que hastra agora pasou estrañamente desapercibido.

Plan de Coordinación Territorial

AS DIPUTACIONES PECHAN A BOCA PRA SALVA-LA CARA

En realidade é moito, por non decir todo, o que se xoga na formación do Plan Director de Coordinación Territorial de Galicia. A misión fundamental dos plans —segundo a exposición de motivos da lei de reforma da lei do chan— é a de «sinala-las grandes directrices que han orientar e coordina-la ordenación urbanística do territorio dentro das previsións dos plans de desenvolvemento e coa atención axeitada ós problemas do medio ambiente, e establece-lo marco físico no que deberán desenrolarse coordinadamente as previsións localizabeis espacialmente, da planificación económica e social».

UN PLAN TOTALIZADOR

Todo esto quedará fixado dun xeito definitivo cando o plan teña listo. Alí estarán, como se indica nun informe do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), «as grandes determinacións sobor da ordenación territorial do noso país e, consecuentemente, sobor da futura actividade económica e social. As alternativas en canto á política enerxética, embalses e regadíos, centros industriais e de servizos, bases militares, medio ambiente e defensa dos recursos naturais, patrimonio histórico-artístico, infraestruturas básicas e outras moitas van ter que contemplarse na elaboración do plan».

A verdade é que se trata de obxetivos e decisións moi importantes, esenciais pra Galicia, que ameazan con imporse dende fóra, sin ter en conta, por suposto, a realidade, os intereses e os problemas do pobo deste país.

CONTROLAR DENDE A BASE

Parece que todo o mundo está de acordo en que a planificación é necesaria e vital pra levar a cabo dun xeito racional as transformacións socioeconómicas.

Hai que botar man ademais de todas ou a meirande parte das disciplinas pra que nada, quede reservado ó azar. E moi sería a necesidade dunha boa planificación e xa se ten dito, por exemplo, máis dunha vez, que a falta de planificación en Galicia, favorece por completo a especulación.

Dito isto, hai que sinalar inmediatamente que a necesidade de planificar require, esixe que sexan tidos en conta moitas variantes, moitos aspectos da realidade, as necesidades do desenvolvemento e os intereses da sociedade pra que de entrada se realiza o plan. Debe haber, pois, un coñecemento xeral dos diferentes obxetivos por parte da comunidade que ha ser quen indique as directrices e os fins, controlando

o seu cumprimento e seguindo de cerca a actividade dos «planificadores».

Parece evidente que estas condicións non informan precisamente o contido do Real Decreto 2031/76 do 30 de xulio, polo que se acordaba a formación do Plan Director Territorial de Coordinación, no que a administración central aparece disposta a impoñer unilateralmente os seus criterios.

AS DIPUTACIONES, NADA DE NADA

O informe do COAG critica duramente o comportamento das diputacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que a pesares de estar facultadas pola lei do chan pra redactar directamente o plan, optaron por deixa-la tarefa nas mans da administración central. Sábese que incluso a Diputación de Pontevedra tiña adiantado un plan pra esa provincia e que houbo de frenar rápidamente o seu traballo.

Non se coñecen os motivos desta «renuncia» das diputacións. Non hai información —endexamais a houbo— sobor deste e outros aspectos. As causas poden ir dende decisións propiamente «políticas» hastra a comodidade de salva-la cara remitindo todo a Madrid, pasando polas presións de determinados interesados dispostos por exemplo a contar canto antes con chan en boas condicións.

Nesta situación, as nosas diputacións non abriron tampouco a boca unha vez aparecido o Real Decreto. Era esa indudábelmente a súa obrigación. tal e como están as cousas.

NOVE CONTRA CATRO

O ministro da Vivenda presidiu recentemente en Santiago o acto de constitución da Comisión Rexional de Planeamento, encargada de elabora-lo Plan, establecendo as súas bases. Esta comisión está presidida polo director xeral de urba-

nismo e conta coa participación dos gobernadores civís das catro provincias, catro representantes máis da administración central e os catro presidentes das diputacións provinciais de Galicia. Deste xeito, frente a nove representantes da administración central, cóntase somente con catro representantes das entidades locais provinciais, esquivándose de calquera representación dos municipios. Pro hai máis. O funcionario encargado de dirixi-la confección do Plan é nomeado polo ministro da Vivenda e tódolos grupos de traballo encargados de fixa-los criterios de actuación e desenrola-las alternativas eleixidas, están presididos por representantes dos ministerios. ¿Poderá alguén pensar que de todo isto saia un Plan de tanta trascendencia en boas condicións pra Galicia? ¿Cómo entende-las palabras do ministro da vivenda pedindo á comisión que considerara «directamente e sin cortinas de fume o feito rexional»? ¿Qué senso darlle á outra expresión do ministro de que o Plan «é un recoñecemento da realidade rexional e dos seus intereses específicos e, en todo caso, constitúe o instrumento máis eficaz pra unha efectiva descentralización en materia de ordenación do territorio e de asentamentos humanos»?

Diffilmente as palabras poden encubri-la falta total de representatividade e o carácter centralista dun Decreto que non ten en conta nin os postulados da Lei do Chan, de maneira que se queda moi atrás dela.

MODIFICA-LO DECRETO

O Colexio de Arquitectos decidiu, tendo en conta esta situación, solicitar do ministro da vivenda que propoña ó Consello de Ministros a modificación do devandito Real Decreto por considerar que é total e absolutamente centralista e que carece do mínimo carácter democrático ó non conter cauces válidas pra representación pública.

E posíbel que agora se sumen á proposta do COAG, outros colexios profesionais despóis dun primeiro

contacto minoritario celebrado hai algúns días en Santiago.

A verdade é que co Decreto por diante, non hai máis alternativa pra Galicia que a decidida pola administración central.

«A intervención popular, sinala o informe do COAG, ou doutras forzas sociais, que non sexan as que ostentan o poder, limítase ó trámite de información pública durante un mes, prazo insuficiente pra poder estudar documentacións e problemáticas tan complexas, e ademais, procedemento non axeitado pra poder ofrecer alternativas distintas ás que se formulen oficialmente».

O informe califica todo o trámite de «pantalla pseudodemocrática» e subraia —abondan polo demáis as experiencias neste senso— o caso omiso que a administración acostuma facer dos escritos de alegacións.

Sínalase tamén que deben establecerse as canles que permitan ó pobo e a tódalas forzas sociais coñecer en calquera momento os obxetivos e alternativas posíbeis a elaborar e mediante un amplo debate poder pronunciarse sobor dos mesmos con carácter vencellante.

MOITO QUE FALAR

A realidade é que debería empezarse canto antes a comunicar ó pobo galego o que se quere facer en e con Galicia dende fóra, a importancia e transcendencia do Plan Director de Coordinación Territorial e as modificacións definitivas que pode conlevar.


Como se dixo máis arriba, este tema pasou hastra agora estrañamente desapercibido. Mentres os temas políticos son discutidos, felizmente, dun xeito apaixonado, resulta que este da ordenación do territorio —tema político onde os haxa—, quedou non xa nun segundo plano, senón totalmente esquivado.

E o caso é que dalgunha maneira habería que intercepta-los rápidos pasos dados pola administración central da man do «sano regionalismo». E moito o que os galegos xogan nesta faena. E Galicia, canto antes, ten que sabelo.

Martes, sete do nadal ás dúas da mañá. O teléfono soa na Residencia Sanitaria Nosa Señora do Cristal de Ourense: Un neno de doce anos sufrira un paro cardíaco nunha clínica privada e atopábase estremadamente grave. A clínica no dispoñía xa de medios pra levar adiante o caso e o médico de guarda non tiña opción: «Manden ó neno pra acá con toda urxencia». Corenta e cinco minutos despois chegaba o rapaz e tentábase a recuperación. Imposibel: O neno ingresara xa cadáver.

Medicina privada:

MORRER OS DOCE ANOS



Procedente da clínica dun coñecido doctor ourensá, a piques de da-las tres da madrugada chegaba o rapaz, envolto nunha manta, á Nosa Señora do Cristal. Tiña unha cicatriz na fosa ilíaca —según fontes dignas de cretona gorxa falaba dos intentos de búsqueda dunha arteria pra introducción de soro. O neno non tiña xa reflexos de ningún tipo.

Pouco denantes, o pai do rapaz —veciño dun lugar do Axuntamento de Vilariño de Conso, Ourense— decía esmagallado: «O médico ese... Ben maricón é: Hai tres horas que me dixo que se lle parara o corazón ó meu neno e non facía máis que chamar e chamar por teléfono...» O seu fillo padecía unha terrible rixidez nas pernas, de cintura pra abaixo. Facía varias horas que estaba morto.

¿MEDICOS OU COCIÑEIROS?

Como poido recoller TEIMA, en Ourense (tamén noutras cidades galegas), síguese a operar en ver-

dadeiras cocifas e sin medios. Non pouca da xente coa que falou un redactor desta Revista respondeu do mesmo xeito: «Estamos hastra os collóns (sic) de que ás residencias e centros sanitarios grandes chegue un número crecente de casos insalvaveis tras seren rexeitados polas clínicas privadas despois do paso dos enfermos por elas».

Na devandita clínica do coñecido doctor ourensá, según poidemos saber, o encargado da anestesia non é titulado coma tal senón, sin máis, practicante ATS. De acordo con bastante xente consultada, a culpa de boa parte desta realidade a ten a Xefatura Provincial de Sanidade por non levar adiante un escrupuloso control da cuestión. Deste xeito, moitas das clínicas privadas chéganse a montar en pisos comúns e sin persoal sanitario dabondo. Sin a vixilancia que compre, hai «sanatorios» que non cumpren, con moito, as máis mínimas condicións exisibeis.

Pola súa banda, o xefe provincial de Sanidade, por teléfono, dixo á

nosa Redacción que, oficialmente, non recibira comunicación algunha ó respecto. Nembargantes, engadíu tiña noticias estraoficiáis da morte do rapaz e das condicións en que se dera esta. O xefe provincial non dixo máis, salvo que, por teléfono, non contestaría a máis preguntas: «Entenderá que eu non sei se, certamente, estou falando cun redactor de TEIMA ou non». O presidente do Colexio Oficial de Médicos de Ourense, Xosé Luis Sendón, respondeu: «Non dispoño de ningunha noticia encol do caso».

Postos en contacto coa clínica do coñecido doctor ourensá, unha enfermeira saíu ó teléfono. Era o martes, 14 do nadal, sete días despois da morte do neno, á unha do mediodía: «Sí, sí... Un momento —dixo a muller ó lle preguntar polo doctor». Agardamos tres minutos ó aparato. Logo, a enfermeira voltóu: «Pois mire, o doctor non lle está». «¿E non sabe a qué hora poderíamos localizalo?» «Pois non lle sei... A ver se pola noite ou así. Ademais, non sei seguro se hoxe ten que saír

de viaxe ou non, non lle sei...». A enfermeira, evidentemente, non sabía nada. ¿Qué órdes recibira naqueles tres minutos que o noso redactor agardara ó aparato?

Diversas persoas, que por motivos obvios agacha-la súa identidade, dixeron a TEIMA: «Claro, así é que veñen a darse casos coma este do rapaz, o que agora se denuncia. Pro moitos outros nunca chegarán á opinión pública». «Estes médicos, propietarios de clínicas incompletas —engadiron—, son os mesmos que, logo, fan as campañas contra das residencias sanitarias socializadas». O neno, doce aniños de vida, morrera. Todo parece indicar que fora a se operar dunha apendicitis. Unha operación que costa, nas clínicas privadas, arredor dunhas 25 - 30.000 pesetas. ¿Ese é, relamente, o precio da vida dun neno?

N. da R: Por razóns obvias, TEIMA, vese na obriga de non dar á «luz pública o nome, dirección e teléfono do «coñecido doctor ourensá».

A situación da sanidade é un mal xeral en Galicia. Está claro. O que é certo é que nalgunhas zonas a cousa xa se pasa de rosca. Viveiro é un exemplo, segundo nos conta Xulio Xiz.

VIVEIRO:

NON HAI QUEN CURE

TEIMA é sabedora da necesidade de atención médica, de instalacións, en toda a montaña luguesa e en toda a costa, zona ésta que se

está industrializando e que non ve medrar armónicamente unha adecuada atención á sanidade. O Instituto Social da Marina tenciona

construir unha Residencia na Costa, pro a cousa vai pra longo. A Seguridade Social deberá escomenzar, dunha vez por todas, a construción dunha Residencia na Costa, equidistante de Viveiro e Ribadeo. Técnicos hai na materia que deberán pronunciarse... Pro deberán pronunciarse axiña. E construílla xa.

A situación foi denunciada nun escrito recentemente pola Asamble Nacional Popular Galega da bisbarra de Viveiro. «Carecemos —decía o comunicado— dun centro sanitario en toda a costa; esto é moi grave, tendo en conta o gran


número de xente afectada; sabendo, ademais, que a nosa bisbarra ten un alto índice —e cada vez máis— de medro de poboación coa incorporación de traballadores que executarán tarefas con risco bastante de accidente».

«Non consideramos xusta —decía máis adiante a A.N.P.G.— nin axeitada a Galicia a actual distribución dos centros asistenciais, todos eles enclavados nos escasos centros importantes de poboación coma Coruña, Santiago ou Lugo, deixando ó marxe, sin as debidas condicións, á gran maioría do pobo galego que vive en aldeas e vilas pequenas».

proletarios de todos os países e pobos asoballados, UNÁMONOS



GALICIA en LOITA



voceiro do comité nacional do Movemento Comunista de Galicia

Nº 18

1976

Novembro

Un saúdo dende a legalidade

Na páxina 12 da revista «Galicia en loita», voceiro do MCG, correspondente ó mes de Santos, chéganos —dende a ilegalidade— un saúdo ós que facemos TEIMA. A nós, que non militamos en partido ningún, non pode máis que enchernos de ledicia unha aperta deste xeito por moi ilegal que sexa.

«Prós que loitamos por unha Galicia ceibe —dín os do MCG— o nacemento de TEIMA énchenos de ledicia e de esperanza. Porque TEIMA é unha victoria de todo o pobo galego. Porque simboliza a resistencia deste pobo fronte dun réximen que tentou, sin conseguilo, esmaga-la súa concencia nacional.

Porque TEIMA é unha pedra máis e moí importante no camiño, longo pro sin volta, da normalización do noso idioma».

MCG recolle, logo, unhas palabras do noso Castela: «Prohibíchedes o galego nas escolas —dí Castela— pra producir no esprito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Espulsáchedes o galego das eirexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego ante os Tribunáis de Xusti-

cia e chegáchedes a castellanizar bárbaramente as toponimias galegas. ¿E de qué vos valéu? Porque despóis de máis de catro séculos de política asimilacionista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados».

MCG remata: «TEIMA é, sin dúbida, a derradeira proba deste fracaso».

Nós, dende a legalidade, un saúdo. E que o prósimo que nos dirixa «G.L.» ou calquer outro voceiro de partido teña, xa, tamén, tódalas bendicións legáis.

TELEVISION MAIS PROBLEMAS PRA «PANORAMA DE GALICIA»

Nos últimos días o centro de televisión en Santiago foi unha vez mais oxeito de interés pra algúns informadores. A razón reside na difícil situación pola que atravesamos agora mesmo e no comportamento de Madrid co seu director, Luís Mariñas.

Todo empezou cando chegaron os primeiros rumores do nomeamento de Eugenio Pena como novo director. Luís Mariñas, —o home que ocupa ese posto, o que puxo en marcha esa realidade que é hoxe «Panorama de Galicia»— estaba entón en París disfrutando as súas vacacións e a decisión do seu relevo provocou en Santiago non pouca sorpresa. Sin dúbida as cousas viñan de mais atrás, toda vez que dende Prado del Rey parece ser que se vían con recelo mal disimulado as ideas e os plantexamentos informativos propostos por Mariñas. Eso, por si non foran poucos os mecanismos de presión e control sobor dun medio coma a televisión.

MAIS DE DOUS ANOS DE TRABALLO

O programa rexional galego, «PANORAMA DE GALICIA» empezou o 9 de agosto do 1974, sendo o primeiro dos postos en marcha no Estado español. Hastra o 16 de xunio do 1975, tivo unha duración de quince minutos, chegando despóis á media hora que agora se mantén. Pouco a pouco conseguiu incluír o idioma galego con carácter fixo no programa, otorgándolle así categoría informativa dun xeito sistemático. Despois, opaso seguinte de Mariñas foi o dun programa semanal presentado enteiramente en galego. Non se sabe moi ben o que pasou dende hai mais dun ano que se grabou e enviou a Madrid o número cero. O certo é que hastra agora non se emite. Esa era unha das teimas de Luís Mariñas; a outra, por falar somentes de dúas, era a corrección das deficiencias técnicas e a dotación de persoal pra poder afrontar o traballo en boas condicións. Pro polas razóns que sexan, o centro non saíu da precariedade material que calquera que o visite pode comprobar.

PROBLEMAS DA DEPENDENCIA

Agora chegou a «outra» resposta dende Madrid. E, de repente, os lectores dos xornais enterámonos de que había un señor disposto a buscar novas instalacións, despóis de dous anos de informes, ampliar as horas de emisión e incorporar conmais intensidade o idioma galego ó programa. Non era, sin embargo, Luís Mariñas, que loitou canto poído por todo eso e algo mais tamén. Aparecía un novo nome: Eugenio Pena. O certo é que a situación non parece aínda definitivamente aclarada. Pro ó marxe dos problemas persoais, hai un feito ben claro. A falta de autonomía do centro, a total e absoluta dependencia das directrices asombrosas de Madrid, posiblemente están a impedir que o programa poida decir algo ó seu destinatario natural: o pobo galego. Non se ve claro agora mesmo, é unha pena, o futuro inmediato de «Panorama de Galicia» e do que pode e debe dar de sí un auténtico centro de televisión de Galicia, autónomo e independente.

**O único
regalo que
se recorda
durante
todo
un ano:**

**Unha
suscripción
a TEIMA**

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA

(Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º

XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º

IMPOSTO EN _____ DATA _____

CONTRA REEMBOLSO

Remítanos a súa dirección e nome á rúa do Hórreo, 94-Entrechán D.

TAMEN PODE COMUNICARNOS DIRECTAMENTE A SUA SUSCRICION CHAMANDO O NUMERO 596741 (PREFIXO 981) DE SANTIAGO

«TEIMA»

O MILLOR REGALO DE NADAL

Unha parte da oposición galega quiere negociar en Madrid. A Táboa Democrática de Galicia e máilo Partido Popular Galego (demócrata-cristiano) escolleron a Valentín Paz Andrade como voceiro de todos eles nas conversas da oposición e o Goberno-Suárez. Valentín Paz Andrade, abogado vigués, que ten agora 77 anos, falou deste tema con TEIMA.



LLANOS

PAZ ANDRADE: NEGOCIAR EN MADRID
O Estatuto como punto primeiro

¿Qué alternativa vai levar a Madrid esta representación galega? O estatuto de Autonomía de 1936 como punto de partida, como legalidade histórica. «Agora ben, —dinos Paz Andrade— a política é negociación. Eu non sei qué pode saír destas conversas en Madrid ás que asisten representantes de tódolos pobos e nacionalidades do Estado. Sóio sei que é importante que Galicia estea presente, que non quedemos marxidados nin acochados nos nosos tobos mirando cómo a historia pasa por riba de nós».

Preguntámoslle ó abogado vigués se é consciente de que hai un sector importante da oposición que non fai esta análise, que non se sinte representada na súa xestión. «A condición que puxen eu pra aceptar foi ser elexido por unanimidade de tódalas forzas», dinos. ¿A unanimidade de qué forzas? «Das forzas da oposición democrática galega que alí estaban. Non sei... A non ser UPG e algunha outra, estaban todas».

Da amnistía ó secuestro

A piques de ser pechado este número, o secuestro do señor Oriol y Urquijo trouxo consigo novos datos que engadir á información que vai nas tres seguintes páxinas.

Nas súas negociacións co Goberno —que según tódolos indicios estábanse producindo nos intres en que facemos esta nota—, os militantes do G.R.A.P.O. (Grupos de Resistencia Antifascista «Primero de Octubre») esixían a liberdade de tres revolucionarios detidos na cadea de A Coruña e citado no noso informe «A amnistía que non chegou». Eles son: Fernando Viqueira Sende e Juan Carlos Delgado de Códex, membros do Partido Comunista (Reconstituído) e Xosé María Brañas, da Unión do Pobo Galego.

Conversas en Madrid

Representante dunha parte

A unanimidade é a da Táboa Democrática e a do Partido Popular Galego (PPG). Nin a ANPG, nin UPG, nin o Partido Galego Social-Demócrata, nin o Partido Socialista Galego, nin o Movemento Comunista de Galicia, nin os Carlistas, por exemplo admiten a representatividade de Valentín Paz Andrade.

«EU NON REPRESENTO A NINGUNHA PARTE»

«Eu non son home dun partido nin represento a parte ningunha coma vostedes din. Eu vou alí representando a Galicia». Pro hai un sector da oposición galega que non se sinte representado. «E un sector minoritario e intransigente que se autoesclufu, nada máis. Hai posicións que non se dan de conta do que a política haina que facer as veces sobor da marcha, segundo ven, xogando coas oportunidades que se presentan».

Eso que quere decir —preguntamos nós— ¿que tamén a Táboa Democrática á que vostede representa vai negocia-lo Estatuto? «Coido que o Estatuto virá, anque non sei cómo. Pra Catalunya xa se fala de algo...». Fálase dun Réximen Especial, non do Estatuto da República. «O de menos é a forma xurídica. De calquera xeito o Estatuto é a legalidade histórica apoiada no voto masivo dos galegos en 1936. E un argumento sagrado».

A AUTODETERMINACION

Frente á súa alternativa do Estatuto de Autonomía o outro sector da oposición fala de autodeterminación. «¿Qué é a autodeterminación? Compre ir desmitificando as palabras. O pobo galego xa se determinou unha vez no Estatuto de 1936. Mentres non haxa outro acto

de expresión popular e libre, o Estatuto é un feito». Pro a realidade de 1936 non é a do 77. «E unha legalidade histórica. Vexo que nos perdemos nas verbas, embarullámonos coas palabras. Anda a xente moi dividida. Todo esto en vez de nos unir sepáranos».

¿Cómo interpreta vostede esta desunión? «E un problema de catividade política, de nenez política, resultado de corenta anos de dictadura. ¿Que hai sectores inflexibles e intransixentes? Hainos en tódolos países do mundo. O erro é querer face-la política mirando pra eles».

«De calquera xeito —engade— eu teño a esperanza de que estemos a entrar nun proceso de unidade, porque nos compre. A Xunta Democrática de Galicia, dende a súa presentación en Viana do Castelo, foi o movemento de masas máis importante...». Tamén está o Consello. «Pro eso veu despóis».

«FALLAN LIDERES»

«Fallan os líderes. Non temos líderes pra mover á xente. Tampouco se deron deica agora as condicións axeitadas pra que os houbera». ¿Pensa vostede logo que a política é cousa de líderes? «Si. Compren os líderes». ¿Considérase vostede un líder? «Non, ouh. O que pasa que non había outro. Chamáronme un sábado. Dixéronme que tiña que ir a Madrid representando a Galicia porque era a única persona na que todos estaban de acordo. Resistínme. Teimaron. O luns dixeran que sí porque penso que, efectivamente, Galicia ten de estar alí, coma os outros pobos».

Cando lle amosámo-lo noso escepticismo encol do que poida saír pra Galicia desas conversas, o abogado vigués di que «eso ninguén o pode decir sin estar alí». Emprega o termo de «oportunidade histórica» pra falar desto. Non lle dá ningunha importancia a que o resto da oposición galega non se sinta representada nel. Teima en que foi escolleito por unanimidade entre os que estaban, anque «algún grupo autoesclufuse». Nin siquera sabe o nome dos que non están con él. Sigue a teimar en que representa a Galicia, non a un sector.

Don Valentín —rematamos—, a cousa é moito máis complexa que todo isto. «Estamos collidos nas palabras, nas declaracións de papel. Estamos atrancados e compre pasar á práctica porque a política é eso, práctica, negociación, discusións e saber aproveita-las oportunidades que hai en cada intre». ¿Pro hai agora oportunidades? «Eu coido que sí». Logo, o secuestro de Oriol paróu as xestións pra se entrevistar co Goberno-Suárez. Reuníronse nun despacho do PSP, en Madrid, e cada quen voltou pra casa.



O GOBERNO ILEGAL

XOSE LUIS FONTENLA, abogado, home do Partido Galego Social-Demócrata, denunciou ó mesmo Goberno por ilegalidade. O pasado 11 de Nadal entróu a denuncia na Delegación de Información e Turismo de Pontevedra. O abogado pontevedrés advirte nela da ilegalidade dos cartéis e letreiros da propaganda oficial pro referéndum, catéis que non levan pé de imprenta nin depósito legal. No seu escrito o señor Fontenla «de conformidade coa lexislación invocada e axudado no seu caso pola Policía —di testualmente— como di a Lei, prega se proceda a ordena-la incautación de dita propaganda oficial». Incautación que, naturalmente, non se produciu.

A denuncia ven polas dificultades que houbo coa Administración pra face-lo depósito doutros cartéis: os da ALTERNATIVA POLITICA PRA GALICIA DIANTE DO REFERENDUM, acto nacionalista que se iba a celebrar en Pontevedra o domingo anterior ó 15 de Nadal. Eiquí sí que houbo problemas. «Na delegación do Ministerio de Información e Turismo non nos quixeron colle-lo depósito dos testos dos cartéis. Houbo que amenazar con levar un notario pra que os aceptaran», decía a TEIMA o mesmo Fontenla. Chegouse a falar mesmo de multas ás imprentas que estaba a imprimir cartéis da oposición. «E os do Goberno, dono de tódolos medios de comunicación, tampouco eran legáis». Pasóu o referéndum, mais quedan os ronseís e as conclusións. Non é esta a única anécdota (que adquire dimensións de categoría polo seu significado).

MALDITOS ENTRE OS MALDITOS

Pasúlle ó mesmo señor Fontenla. «¿Por qué non pide permiso o PGSD pra face-lo seu mitin? ¿Por qué anda mesturado con «totalitarios» e «marxistas»?». Eso lle dixeran. Hai malditos entre os malditos. A prohibición do permiso pra celebra-la ALTERNATIVA POLITICA PRA GALICIA DIANTE DO REFERENDUM viña apoiada precisamente neso, según o texto oficial: un dos homes que iba falar na mesa redonda era «coñecido marxista e totalitario». Hai uns meses, o país enteiro, por decreto e dende a oficialidade, era totalitario. Marxista non, claro. ¿Vai ser este o criterio da lei electoral?

«Chaméi ó despacho dende Madrid e dixéronme que xa estaban fóra, que xa saíran, o que se contradecía coa reserva do Tribunal. Os familiares tiñan pensado ir recibilos á estación, en Vigo, onde chegarían según os periódicos. Cando confirméi que aquilo non era máis ca unha trola chaméi axiña a Vigo pra lles decir que non, que seguían na cadea. Xa podedes imaxina-la reacción dos familiares». Nemesio Barxa, abogado, lembróu pra TEIMA o clima, entre o escepticismo e a esperanza, que seguíu en Galicia á promulgación do decreto-lei sobor da amnistía. Amnistía que non chegou prós catro nacionalistas galegos e un «abertzale» vasco que permanecen na cadea da Coruña dende o vran do 75.

Galicia: A amnistía que non chegou

Ademáis dos catro militantes da Unión do Pobo Galego (U.P.G.) —Manolo, Marisa, Lito e Brañas— e do vasco Villanueva, están na cadea da Coruña outros seis presos políticos supostamente vencellados ó Partido Comunista Reconstituído (P.C.R) detidos a remates do mes de Setembro xunto con outras catro persoas postas máis tarde en liberdade.


Na cadea, os presos políticos érguense tódolos días ás 7,30. As 8,30 fan o primeiro reconto. Deica as 13,00 permanecen nun cuarto común de 8 x 4 metros ou ben na celda «chapados» se queren traballar nalgunha cousa. As 13,30 novo reconto e xantar no mesmo cuarto. Logo de comer teñen dúas horas de patio, de 15,30 ás 17,30. Das 17,30 ás 20,00 horas, no cuarto de novo ou na celda. As 20,00 horas, cea. As 22,00 horas outra vez na celda «chapados» deica a mañán seguinte, de non se-los martes, que poden ver na TV a película da noite. Normalmente todo este tempo adícanse ó estudio, seminarios de discusión política entre eles e cos outros presos políticos, etc.

As mulleres teñen algunhas diferencias no seu horario. Por exemplo, pódense erguer media hora

máis tarde. Os festivos e os sábados poden ve-lo telediario da tarde. Deica as 19,00 horas poden estar no patio ou na celda. A esta hora cean, poden ve-lo telediario da noite e ó rematar voltan ás celdas.

Hai queixas sobor das condicións materiais. Nalgunhas celdas a luz é de 25 vatios. As mulleres teñen que lavarse en cubos porque non hai auga corrente dende fai máis dun ano. Nas comidas abundan os garbanzos, fabas, lentellas e caldo, con gran cantidade de grasa

(Pasa á páxina seguinte)





MARISA:
Moi perto do mar

(Ven da páxina anterior)
de porco. Normalmente non hai verduras, frutas nin leite. Deixan pasar comidas cociñadas de fóra, aunque a desfán toda por se acaso ven algo dentro.

DUAS CARTAS

Poden escribir dúas cartas (controladas) por semá. Están permitidas as visitas dos familiares nas mañás dos domingos e luns, cun tempo de vinte minutos e a traveso de dúas reixas, separadas entre elas un metro polo que cando reciben visita varios presos ó mesmo tempo é moi difícil a comunicación. Non teñen problemas pra falar e escribir en galego.

A hora de falar dos funcionarios, os presos políticos diferencian entre os que se portan correctamente con eles e os que esteriozan a súa animadversión.

Os homes non lles deixan pasar revistas que teñan «pornografía», coma «Hola», «Semana», «Sábado

Gráfico», que sí poden ler as mulleres. Reciben os xornáis galegos, que len, previa censura. Os criterios de tódolos xeitos, non son escesivamente ríxidos: poidéronse pasar as revistas «Berriak» e «Garaia» pra Iñaque Villanueva.

A NOVA DA AMNISTIA

O traveso da prensa chegoulle-la nova de que o Goberno dera unha «ampla» amnistía. Os presos que naquel intre estaban na cadea, os catro nacionalistas galegos e o vasco, chamaron ó abogado, quen, según el mesmo declarou a TEIMA, lles mostrou as súas dúbidas sobor da amplitude desa suposta amnistía. Polo televexo escoitaron a nova da súa posta en liberdade. Nembargantes, eles seguían alí. Enrique Aller, o abogado de Villanueva, deu a coñecer unha nota criticando a «maniobra oportunista» dos medios de comunicación dependentes do poder político.

Quen pasou por peores momentos foi Marisa Vázquez, xa que estaba soia. Ela cría na saída hastra o punto de que mandou mesmo as sabas, un fleso e as súas cousas prá casa. O irmán retrasou uns días a súa boda pensando que saía e os pais pararon as vacacións. Os familiares de Villanueva viñeron de Euskadi e estiveron dúas semás na Coruña agardando a súa saída.

Os pais de Manolo Vázquez —natural de Remesá-Monforte— chegaron a decirlle algúns veciños que o viran no tren. «Pra nós —dixeron a TEIMA— era dunha ansiedade total diante da esperanza de que o fillo chegaba. Nós vivimos aquí absolutamente soios, non temos ninguén. Pro o fillo non chegaba. Mesmo pensamos que lle ocorrería algunha cousa mala pois decían que o viran no tren».

O INTENTO DE FUXIDA

Na cadea da Coruña houbo un intento de fuxida no que participaron tres galegos e o vasco. Cando o descubriron os funcionarios, as noticias na prensa foron moi confusas e contradictorias. Na realidade, e según soupo TEIMA de fontes ben informadas, os presos tiñan planeado facer un túnel duns vinte metros que pasaría por debaixo do comedor, logo baixo o recinto intermedio, pra saír fóra, rente do muro exterior.


Escomenzaron os traballos no mes de xaneiro e pensaban rematalos no mes de Santiago. O parecer, cando os pillaron ían pola metade. Fixéronse cun desmontable, teneadores, un martelo, culleres e unha cuña de ferro pra rachar-lo cemento. Chegaron sacar en total perto

de dous camións, unhas dez toneladas, de terra e pedras. Os funcionarios déronse conta a noite que os colleron —do 11 ó 12 de maio— por unha bolsa das que empregaban pra saca-la terra. O castigo foi de corenta días incomunicados nunha celda.

A SITUACION ACTUAL

Os catro nacionalistas galegos e o «abertzale» vasco inda non foron a xuicio. «Primeiro encarregouse do caso —explica Nemesio Barxa— a xurisdición militar. Había moita xente encartada da que hoxe están na cadea somentes eles. Atópanse tamén procesados, pro en liberdade condicional, María Fernanda Coteló Cristóbal e máis Amparo Carracedo, ás que tampouco lles chegou a amnistía. Logo o xuzgado militar inhibiuse en favor do Tribunal de Orden Público por tódolos feitos que non eran estrictamente terrorismo incoándose o sumario 1650-75 do xuzgado de orden público número 1; a continuación, coa modificación do código penal pasou tamén o de terrorismo ó TOP quedando sin efecto a xurisdición militar».

O TOP, cando o decreto de amnistía, entendendo que non era de aplicación neste caso, pasou os autos á defensa. O abogado presentou un escrito devolvendo os autos por entender que estes debían ir a informe do fiscal pra aplicación da amnistía; informe que, ó parecer, foi favorable a aplicación e a propia circular da fiscalía do Tribunal dando normas pra esta aplicación daba a entender que debían ser beneficiados «posto que eles están acusados dun delito de terrorismo —di o abogado— do artículo 260, núme-



GALICIA: Aínda hai reixas prós políticos...

ro 3, que esclue, precisamente, os resultados de morte, lesións ou poñer en perigo a integridade física das persoas». Nembargantes, no auto do 18 de Setembro, o TOP resolvéu declarando non serlles de aplicación amnistía. Agora están pendentes de resolución un recurso de casación e unha petición de liberdade provisional.

Polo que respecta ós detidos do P.C. (R), os seis que están na cadea non teñen polo de agora auto de procesamento inda que a autoridade gubernativa relacionou as súas detencións cos atentados do derradeiro 18 de Xulio. As cinco persoas postas en liberdade provisional —X. L. Rey Pérez, Alfonso González Cambeiro, Isidoro Padín Cortegoso, Aurora Cayetano Navarro e María Encarnación Viqueira Sande— están dentro do sumario 2024-76 do Tribunal de Orden Público. Neste sumario acúsanos de militar no P.C.E. (r) «de tendencia trotskista, partidario de la violencia y del empleo de armas».

Pro a amnistía non sóio non chegou prós presos da cadea da Coruña. As xentes do desterro, os traballadores despedidos e non readmitidos por loitar pola liberdade no eido laboral, os multados, están a agardar que unha das verbas máis utilizadas dos últimos anos sexa realidade.

¿Quén son?

Nunha operación policial de agosto de 1975, na que, segundo algunhas fontes, poideron participar mesmo policías procedentes de Euskadi, foron detidas en Galicia numerosas persoas supostamente vencelladas á U.P.G. O mércores, día 12, morría en Ferrol Moncho Reboiras. Naquela xeira foron detidos tamén, á saída de Lugo, dous membros liberados da organización vasca ETA-V Asamblea, Emilio Goitia e Iñaque Villanueva. De resultados da operación policial, fican na cadea da Coruña actualmente catro militantes da U.P.G. e un etarra. TEIMA recolléu algúns datos biográficos:

—María Luisa Rita Vázquez Banguero, nacéu en Ourense no ano 1948. Son seis irmáns na familia. O pai é empregado. Estudiu Maxisterio en Ourense e Filosofía en Santiago. Casou en 1972 con Manolo Fernández.

—Manuel Fernández Rodríguez, nacéu en Remesá (Monforte) no 1952. Os pais son labregos. Estudiu bacharelato en Monforte e adeprendeu o oficio de electricista, traballando en 1969 na Coruña, onde entróu en contacto coa U.P.G. Despois de vivir en Barcelona e Vigo, casa con Marisa e trasladan o domicilio a Santiago, onde os detiveron o 12 de Agosto do 75, cando voltaban da aldea.

—Xoán Manuel López Alvarez (Lito) nacéu en Viveiro no 1948. Os pais son mestres. Estudiu bacharelato superior. Son cinco irmáns na familia. Escomezou Maxisterio e foi detido no 71 en Santiago por formar parte dun comité do 1.º de Maio, estando por este motivo mes e medio na cadea da Coruña. Estivo esiliado en París oito meses e está na U.P.G. dende 1971. Foi detido o 12 de Agosto do 75 na Coruña na casa dos pais ás tres da tarde, dez minutos antes de que deran a noticia da morte de Moncho Reboiras polo tv.

—Xosé María Brañas Pérez nacéu en Vimianzo en 1948. Vive en Vigo dende os 12 anos. O pai é maquinista naval. Fixo bacharelato en Vigo e tres anos de Económicas en Santiago. Traballou logo de administrativo. Tamén pertence á U.P.G. dende o 1971. Foi detido o 11 de Agosto en Guntín (Lugo) sobor das dúas da tarde cos etarras Goitia e Villanueva.

—Iñaque Villanueva Lanza é fillo dun inmigrante no País Vasco. Foi detido en Lugo xunto con Emilio Goitia. Na cadea estudia Dereito pola Universidade a Distancia. A súa familia estivo dúas semás na Coruña agardando a súa saída, pro a amnistía tampouco chegou pra el.

— ★ —

A remates de Setembro deste ano son detidos en Vigo, Ferrol e Santiago once membros do PC(r) —despois o serían algúns máis—.

Nadal na cadea

Esa mañá, os funcionarios visten de gala. Hai misa extraordinaria na capela. O xantar é un pouco mellor ese mediodía. Danlles viño. Hai máis tempo prás visitas ese serán. Chega algún paquete con pastas, turrón e esas cousas do Nadal.

Acúsanos de participar activamente na preparación e realización dos atentados contra moimentos ó alzamento militar do 18 de Xulio de 1936. Dos once que estaban na cadea, cinco foron postos en liberdade provisional: Xosé Luis Rey Pérez, peón, de 20 anos; Alfonso González Cambeiro, peón, 19 anos; Isidoro Padín Cortegoso, peón, 23 anos; Aurora Cayetano Navarro, empregada, 19 anos; e Encarnación Viqueira Sande, empregada, 19 anos.

Os que aínda fican son os seguintes:

—Xan Caamaño Franqueira, natural de Santiago. Ten 24 anos. De profesión albañil. Estivo dez días na Comisaría e está acusado de estar co autor dun roubo de armas nun cuartel de Santiago a noite do feito.

—Juan Carlos Delgado Decodes. Cando foi detido traballaba coma peón en Vigo. Ten 27 anos e despois de estar dez días en Comisaría foi recoñecido polo médico forense.

—Fernando Viqueira Sande, natural de Santiago. Ten 24 anos e é escaiolista. Estivo dez días en Comisaría.

—Xesús Montero Pereira. E tamén escaiolista e ten 25 anos. Está casado. Estivo tamén dez días en Comisaría.

—Xan Xosé Turnes Santos, 28 anos. Empregado da Telefónica. Dez días na Comisaría.

—Guadalupe Núñez Morales. Empregada, de 24 anos. Está casada con Delgado Decodes. Dez días en Comisaría.



«ESTAN DENTRO»

Faise difícil crer que os millores
—e derradeiros— areáis da Lanzada, propiedade
do pobo do Grove podan ser vendidos
a sete pesetas o metro cuadrado.

Non resulta moito máis doado
entender que ese irrisorio precio vaia en
beneficio dunha empresa madrileña
que conta hastra con procuradores
en Cortes entre os seus conselleiros.
E ven a ser definitivamente intelixible
pública sexa informada. Pra remedialo
no posible, Anxel Vence investigou
no Grove e Madrid as conesións
dun **affaire** —o «Grovelán»— que pon ó descuberto
unha estrutura de desenrolo,
colonialismo e especulación.

Madrid especula no Grove

GALICIA,

a sete pesetas metro

Aquela mañá de primavera do ano 1964, Francisco Algora cáese que non poido disimula-lo seu xesto de sorprendida ledicia. O home que tiña enfrente acababa de ofrecerlle a construción de dúas facultades universitarias, un centro de ensino medio e unha urbanización pra *veraneantes* de alto poder adquisitivo no Grove, pobo do que Alonso era entón alcalde. De este xeito, os grovenses afeitos xa a recibir o refugallo dos madrileños que non tiñan cartos pra ir ó sur da península, verían como a súa pequena vila —9.000 habitantes— pasaba a converterse en cidade universitaria e lugar turístico de luxo. En troques de tanta maravilla, o pobo grovense unicamente debería aportar, o traveso do seu Axuntamento, tódolos terreos da súa propiedade nos areáis da Lanzada, deica o lindeiro do próximo municipio sanxen-sán. En total, un millón longo de metros cuadrados na mesma beira do mar e en derredor dun aeródromo utilizable por avionetas.

LIÑA DIRECTA CON MADRID

A mesma hora daquel día, outros homes facían cálculos nunha

oficina da Gran Vía de Madrid. Eran os membros do consello de administración de «Europa Sur» compañía creada dous anos antes co fin declarado de efectuar inversións e promocións de todo tipo nos lugares máis lonxanos e dispares. Un destes sitios —cecaís o único efectivo na súa existencia como tal sociedade— foi o areal da Lanzada, no Grove, descubremento persoal de Angel Cabrera Pérez-Caballero. Cabrera, madrileño-andaluz emparentado, ó que parece, con algunha autoridade provincial de Galicia, foi comisionado polos seus compañeiros de «Europa Sur» pra tentar un acordo con Concello do Grove. E chegou á vila naquela mañán de 1964.

O alcalde Alonso faltoulle tempo pra espoñe-las pretensións de «Europa Sur» nun pleno do Concello grovense. Poucos días despóis encetábanse os contactos entre a corporación pública e a sociedade privada, que habería de rematar, tras dun primeiro período de conxuntural noivado, no casamento das dúas entidades. Froito deste foi unha nova sociedade mista que baixo o nome de «Grovelán, S.A.», comenzou as súas aitividades ó traveso dun contacto previo firmado nos derradeiros meses do propio

1964. Nese precontrato sulñábanse as directrices do definitivo —que se firmaría, finalmente, no ano 67— e establecíanse, xa por escrito, as obrigacións e dereitos de cada unha das partes.

CARTOS COMA TERRA

«Europa Sur» ratificábase na súa fabulosa oferta: crear unha unidade turística-residencial, centros educativos superiores e medios e instalacións deportivas. Pola súa banda, o Axuntamento recoñecía a falla de recursos propios pra acometer tal empresa e aportaba, como capital substitutivo, os terreos. En pura teoría, o acordo era un modelo de equilibrio: «Europa Sur» poñía os cartos (10.000.000 de pesetas) e o Axuntamento do Grove a terra. O que dende un principio anoxou a algúns grovenses conscientes foi que se emparellase o valor da aportación privada co da pública. Efectivamente, na distribución das accións de «Grovelán», a «Europa Sur» correspondíanlle 2.500 polos seus hipotéticos cartos: as mesmas que ó axuntamento do Grove pola aportación real de cáseque millón e medio de metros cuadrados. Resultaba de este xeito que, na práctica, «Europa Sur» con-



seguía uns terrenos polo increíble precio de sete pesetas o metro cuadrado: varios centos de pesos menos do seu valor real.

A pesares de todo, os membros do Concello grovense botaron a súa firma sin remordimento ó pe da acta constitutiva da sociedade. Pensaban —algún deles canfésao a TEIMA doce anos despóis— nun Grove engrandecido, universitario, superpoboado, rico e cheo de tódalas ledicias sin conto que «Europa Sur» prometía. As cousas, non embargantes, estaban moi lonxe de ser tan sinxelas. A empresa madrileña que presidía Escobar Kirpatrick, marqués de Valdeiglesias, procurador en Cortes e letrado do Consello do Estado, non chegou a desembolsar según tódolos indicios, os dez millóns que atendendo ó contrato, quedaban na caixa social no momento mesmo da firma.

Foi así que durante os dous primeiros anos de existencia —teórica— de «Grovelán» a sociedade non realizou, aparentemente, actividades de ningún tipo. Por non facerse, nin siquera se fixeron as Xuntas Xerais e balances que prevé a lei de sociedades anónimas.

UNHA XUNTA E UN ALCALDE

Un home que, como membro do Concello esbarazara a súa firma nos papéis que deron orixen a «Grovelán», comenzou a inquiredarse polo que sucedía. Chamábase José Lores e estaba a piques de da-lo salto a alcaldía dende o seu posto de edil. Non era o único descontento coa situación. O propio Lorenzo Docampo, entón presidente da Diputación pontevedresa, e, consecuentemente, de «Grovelán» dirixiu unha carta o Marqués de Valdeiglesias no mes de xunio do 69, interesando a convocatoria de Xunta Xeral. Urxidos de tal xeito polas circunstancias, os homes de «Europa Sur» acudían a O Grove cinco días máis tarde, coa intención de cumprilo trámite mínimo da Xunta. Ceas, copas, puros aparte —que os houbo, sin que a situación se cordializase nin tanto así—, os donos do suposto capital privado atoparon no Axuntamento máis dificultades das previstas. O conselleiro Lores, definitivamente escocido xa polas moitas irregularidades que presentaba o asunto, limitouse a entregar un escrito pra que fose lido na que se pretendía Xunta Xeral de «Grovelán». Nel decía sinxelamente que, ó non tere feito o desembolso mínimo de capital esixido, a tal Xunta non podía chamarse así.

Algunhas semáns despois, Lores era nomeado alcalde. Pra entón, o que como membro do Concello se opuxera ó que él cría falsa Xunta, apuntaba máis alto. En efecto, dende a súa primeira entrada no despacho principal da casa grande grovese, Lores tivo unha teima que —ó decir de quen coñece o asunto— haberlalle costar o cárrago: acadar a declaración da inexistencia xurídica de «Grovelán», e, conseguintemente, a recuperación dos areáis da Lanzada pró Axuntamento. O aparello legal pra chegar deica ese punto foille encarregado a Valentín Paz Andrade, quen, nun dictame solicitado polo pleno do

Concello grovese, confirmaba a inexistencia da sociedade o non terse feito o desembolso mínimo de capital. Engadía Paz que os feitos amosaban indicios do que poidera considerarse como delito de falsedade e estafa. A tan contundentes afirmacións contestaron os letrados de «Europa Sur», Estarque e Quintero, cun dictame diferente de abondo: según eles, non era viable o exercicio da acción de nulidade ou inexistencia de «Grovelán». Fernando Mola, letrado madrileño requerido igoalmente pola parte privada, deu un informe máis ambiguo, no que chegaba a afirmar que «a liquidación de gastos, e, no seu caso, o desembolso complementario, deberán efectuarse ou xustificarse inmediatamente».

CINCO MILLONS DE PAPEIS

Alarmados, cecais, pola opinión dun xurista que eles mesmos pagaran, os responsables de «Europa Sur» sentíronse na obriga de afirmar que o prometido desembolso de dez millóns de pesetas estaba xa feito. Os cartos, pra desencanto do Concello grovese, seguiron sin aparecer por ningunha parte, pro, en troques, a sociedade madrileña presentou unha lista de gastos de constitución de «Grovelán»: cáseque cinco millóns de pesetas invertidas en conceptos moi diversos. Entre todos estos, chama a atención un capítulo de «viaxes de estudio de mercados» según o cal, o xerente Cabrera tería visitado Italia, Suiza, Alemaña, Bélxica, Francia e gran parte da península ibérica: 475.000 pesetas de dietas en total. Igoal de rechamante resultaba a factura por un millón e pico de pesetas dunha empresa adicada á fotografía aérea, por non citar unha interminabel relación de gastos miudos na que se incluían hastra suscripcións a xornáis. Pretendían, en fin, os conselleiros de «Europa Sur» que eses gastos foran considerados como aportación a conta do total de dez millóns que a entidade privada completaría mediante créditos. Mencionabase mesmo, nunha memoria posterior presentada por Cabrera, a un coñecido grupo bancario español que cofinanciaría as obras da Lanzada.

Tanta fartura de papel folio acompañada dunha parella pouquidade de papel-moeda non deixou de alporizar ó alcalde Lores

Un asunto coñecido

Tiveron coñecemento das actividades de «Grovelán, S.A.» por terles sido entregado un album descriptivo dos proxectos da Sociedade:

- LUIS CARRERO BLANCO, vicepresidente do Goberno.
- JOSE LUIS VILLAR PALASI, ministro de Información e Ciencia.
- MANUEL FRAGA IRIBARNE, ministro de Información e Turismo.
- PEDRO NIETO ANTUNEZ, ministro da Marina.
- PIO CABANILLAS, subsecretario de Información e Turismo.
- LEON HERRERA ESTEBAN, director xeral de Empresas e Actividades Turísticas.
- ANTONIO J. GARCIA Y RODRIGUEZ ACOSTA, director xeral de Promoción do Turismo.
- RICARDO DIEZ HOECHLEITNER, secretario xeral técnico de Educación e Ciencia.
- RODOLFO BARON DE CASTRO, secretario xeral da Oficina de Educación Ibero-Americana.
- JULIO PALACIOS, presidente da Real Academia de Ciencias Esactas, Física e Naturies.
- JOSE MARIA OTERO DE NAVASCUES (Marqués de Hermsilla), presidente da Xunta de Enerxía Nuclear.

e algúns dos seus compañeiros de Concello. Coa presumible intención de armonizar posturas, é convocada algún tempo despois —xa en 1971— unha reunión á que asisten, xunto con representantes das dúas partes, o presidente da Diputación e Ignacio García López, entón gobernador civil de Pontevedra e hoxe ministro de Movemento. Non se chegou a ningún acordo concreto.

DAS PRESIONS A CONXELACION

Comenzou —fracasado este derradeiro intento de arranxa-las cousas— unha auténtica campaña de presións directas contra o alcalde Lores. Julián Cortés Cabanillas que por aquel entón substituíra ó Marqués de Valdeiglesias na presidencia de «Europa Sur» arremeteu dende a súa columna do «ABC» de Madrid contra quen, según él, atrancaba o camiño do progreso pra O Grove. Por outra banda, hai quen asegura que ó entón alcalde lle foi ofrecido un tentador posto de conselleiro-delegado no Grove, moi ben retribuído e sin apenas traballo...

Lores que, evidentemente, se negou a aceptar ese real ou supos-

to ofrecimento, non tardaría en conseguir que o pleno do seu Concello acordara leva-lo asunto ós tribunais. Deste xeito, no nadal de 1973, entraba no Xulgado Comarcal de Cambados unha demanda de nulidade contra «Grovelán».

A partir dese intre, o caso entra nunha fase de conxelación salarial, a nivel informativo. O feito máis sobresalinte prodúcese dous anos despois, co cese de Lores no seu posto. Bea Gondar, primer tenente de alcalde encarregado de substituílo, adoptou unha postura absolutamente distinta á do seu predecesor, e non deixou de tentar dende o primeiro intre a retirada da demanda de nulidade. Actualmente, «Lanzaman» —outra sociedade privada constituída pola inmobiliaria «Urbanosa» e un grupo bancario non galego— tenta ocupa-lo posto de «Europa Sur» adquirindo as dúas mil quinientas accións correspondentes. Comentouse no Grove que incluso podería existir xa un depósito previo dun millón de pesetas como sinal de compra. Falta sómentes que un xuez diga a última palabra sobor dun asunto que comenzou coa visita dun señor de Madrid a un alcaldíño de pobo. Hai agora unha ducia de anos.



Eiquí iría unha universidade

CONSELLEIROS A ESGALLA

O longo da inesistencia de «Grovelán, S.A.», as seguintes persoas pasaron polo seu Consello de Administración:

Presidentes:

ENRIQUE LORENZO DOCAMPO, presidente da Diputación de Pontevedra.

JOSE LUIS PELAEZ CASALDERREY, presidente da Diputación de Pontevedra.

ANTONIO PUIG GAITE, vicepresidente da Diputación de Pontevedra.

Vicepresidentes-1.º:

FRANCISCO ALONSO PEREZ, alcalde do Grove.

JOSE LORES GONZALEZ, alcalde do Grove.

Vicepresidentes-2.º:

EDUARDO IGNACIO ESCOBAR Y KIRPATRICK, MARQUÉS DE Valdeiglesias, procurador en Cortes, membro do Consello de Estado.

Secretarios:

EDUARDO FERNANDEZ EIRIZ, secretario do Axuntamento do Grove.

Vocalis:

JOSE LORES GONZALEZ, membro do Concello e logo alcalde do Grove.

ANTONIO RODRIGUEZ PINAL

ANGEL CABRERA Y PEREZ CABALLERO, xerente da Sociedade.

FLORENCIO VALENCIANO ALMOIÑA, conselleiro de «Europa Sur»

SALVADOR MARTOS MARTINEZ, conselleiro de «Europa Sur»

LUCIANO URQUIJO PANGUA, conselleiro de «Europa Sur»

Por Galicia andan agora dous cabalos de Atila que arrasan o seu paso. Trátase das obras de «Autopista» e de «Accesos a Galicia».

Do que fan éstos últimos no tramo da provincia de Pontevedra, imos contarlle algunhas cousas, tan soio unhas mostras siñificativas xa que facelo con detalle levaríanos media revista.

Cada pobo que travesa «Acceso» e un oyón de problemas, de atentados contra dos intreses dos veciños. Guillermo Campos vai contando a historia

ACCESOS E AUTOPISTA

Os cabalos de Atila pagan tarde e mal



YAÑEZ

AQUI HABIA UN CAMIÑO
Antes de que chegara a desfeita

VIASCON: O AXUNTAMENTO NON SABE NADA

As situacións, como queda devandito, son comúns. Nembargantes nalguns sitios as situacións dos invasores pasan da raia, fanse inconcebibles aínda sabendo de quen veñen e estando ben arriba a posibilidade da solpresa.

Nese mazoco de camiños cortados, veigas espropiadas fai dous anos e inda sin cobrar, hortas, folgadas e de labradío inutilizadas porque «Accesos» desfai sin coidado e logo soio fai, por certo moi despaciño, a carreteira; presas de auga que agora non-a levan os lu-

gares de antes, etc. Están Morente, Bora, San Xurxo de Sacos, Santa María, Soutelo... en fin todolos lugares o longo da carretera, e o que máis e o que menos escribeteu a súa protesta e pidéu o seu dereito a autoridade mudas no terreo dos feitos.

En Viascon, a construción dunha desas trincheiras pra faguer o vieiro deixou sin servizo dereito a igrexa, o cimiterio e a unha boa recua de veigas moi frecuentadas, os barrios de Castro, Baliño e Atalaia. Quedou cortado e colgado o camiño en non pensar faguer unha pasarela a pesares de que así evitaríase que a xente e o gando teñan que andar pola carreteira.



A CARRETERA, POLO MEDIO
Así se parte un pobo

Os veciños mandaron un escrito o Servicio —¿Servicio?— do Plan de Accesos que lles respostou facendo valer dificultades técnicas pro sin dar solucións a unha xente que agora ten que dar unha volta de 700 metros. Recurriron ante a Dirección General de Carreteras que lles desestima o recurso porque «no se vierten alegaciones nuevas ni se aporta fundamento alguno». Vese que a DGC quere que os veciños inventen (o que había que decir estaba dito no primeiro escrito) inda que «sin fundamento» como Madrid asegura, xa que «la magnitud de la obra no responde a la entidad del problema a resolver».

Entón os veciños contanlle a seu caso ao ministro de Obras Públicas e recalcan que lle fagan unha modesta pontiña. O Ministerio de O.P. pide datos ó Axuntamento de Cotobade e éste contesta decindo que non sabe nada do problema. E quedouse tan tranquilo. Agora os veciños van faguer unha nova solicitude o traveso do axuntamento a ver se así se entera de algo. Namentras, perden medio día dando arroteos, artellanse camiños por propiedades particulares, quedan casas illadas.

A TRINCHEIRA DA VERGOÑA

O exemplo de máximo abuso está, quizaves, en Pedre. A aldea está nun altiño que atravesa, pola mitá, a carretera vella. A esquerda, asegún se chega de Pontevedra, queda a igrexa e o barrio circundante; a dereita, hai —había— veigas e outras casas. Dous camiños, a entrada e a saída do pobo, comunicaban os barrios.

Chegou «Accesos», e como o que fixo o plano pouco se debeu parar en Pedre, abre unha trincheira —que chega a ter 17 de fondo— o mesmo xeito da carretera vella e a uns 50 metros a dereita daquela. Pra que os barrios non queden illados de todo cortou soio un dos camiños, e non se preocupou de máis.

A xente ven aguantando máis dun ano arroteos de kilómetro e pico, hortas e eirados «colgados» sobor do precipicio co conseguinte perigo pras persoas e animais, a perda de veigas que denantes eran solares e agora ca trincheira nomais co borde ameazante dun «cañón», a fonte e o lavadeiro seco, catro traídas de auga cortadas, vei-

gas illadas ou con escombros que non se poden traballar. «Antes collía patacas pro ano —decíanos unha velliña— e agora xas tiven que mercar». Outra muller veuse obrigada a alquilar un alpendre po gando porque tiña que faguer un arroteo meirande.

O día de San Martiño presentouse a empresa «Agromán» disposta a arrasar o único camiño que intercomunicaba o pobo. Había que remata-la trincheira inda que Pedre quedara cortado en dous anacos. Os veciños por isto non pasaron, estaban moi cansos de abusos e promesas incumpridas. «Prometeron que os servicios quedarían como estaban, pero non cumplen», comentoulle ós enviados de TEIMA o cura.

A xente xuntouse no camiño que lle querían quitar ben pertrechada con legóns, sachas, gaias, fouces, etc. e non deixaron que as máquinas traballaran. «Non nos desfacedes este camiño namentras no fagades a pasarela do outro». Logo avisaron o alcalde de Cerdedo que os apoiou e que o día 15 presentouse eill co inxeniero xefe de «Accesos» que lles dixo que soio estaba proiectada unha ponte, percisamente neste camiño utilizabei.

O noxo dos veciños fixo tragar cuspe o inxeniero que dous días despóis presentouse no axuntamento de Cerdedo cunha instancia pedindo o Ministerio de O.P. segunda pasarela.

PAGAR MAL E TARDE

A chispa en Pedre saltou o querenlle cortar o único paso que lle quedaba. «A xente —recoñece don Manuel, o cura— firmou, confiouse o comenzo». «Logo veu o atropello, o abuso da ñorancia e da pobreza: soio quedan vellos e rapaces».

Agora agardan todo-los abusos e perxucios feitos por «Accesos» dende a sua chegada. Ninguén se opón o progreso pro os os poriectos fixéronse sin contar coa opinión dos veciños e nembargantes son is-

tes os que sinten sobor do seu lombo as perdas. Hai moito descontento.

«Vai faguer dous anos que estamos as veigas». Nembargantes si-guen a pagar os impostos por elas e non cobraron unha cadela, a pesares do pouco en que llas valoraron: arredor de 50 pesetas, as de labradío; a 20, o monte baixo; a 10 pesos o metro de muro que non chega pra escomenzar. Cartos que, asegún pasa o tempo, perden valor adquisitivo. «Co que nos han de dar, non podemos mercar novas terras».

Na oficiña de «Accesos» en Pontevedra quixemos saber canto debían ós veciños da zoa. Dixéronnos que aínda non tiñan datos, que había que sumar veiga por veiga. A cousa vai pra longo, polo que se mira.

Hai tamén moitas casas afectadas polas explosións dos barrenos que rompen máis ca armonía do paisaxe, porque íste, nalgúns sitios, púdose salvar, ou cando menos, leva-la carreteira por outros sitios tan posibles e menos perxudiciales pros veciños. Que o digan os de Vichocuntín que lles quedou o vieiro por enriba dos tellados, ou os de Pedre onde a carreteira podía ir millor pola veira do río —cuias hortas quedarán cubridas polo embalse de Dorna—, polo monte, ou pola propia carreteira vella sin necesidade de abrir a devandita trincheira —a trincheira da vergoña— que fixo que uns homes pacíficos e confiados rabeen como escoitou TEIMA: «Todo está contra de nos, xa non se pode ser nin campesiño».


N. da R. — A piques de pecha-la edición do número un, na vispora mesmo do referéndum, o Ministerio de Obras Públicas preocupouse finalmente de conquistar un creto pra amortizar estas espropiacións por un total de 20.108.000 pesetas prás poboacións de Forcaré, Cerdedo, Cotobade e Pontevedra.




A TRINCHEIRA DA DISCORDIA
¿Quién paga os perigos?



O UNICO CAMIÑO QUE QUEDA
¿A quién se lle piden responsabilidades?





AURORA E MANUELA:
Nosos irmán nunca fixo mal a ninguén

«Que lle den o pasaporte, a él e a todos. A él, que é o secretario do Partido Comunista Obreiro Español (P.C.O.E.), téñenllo que dar deseGUIDA. Porque non fixo outra cousa que loitar por unha causa moi xusta e no fixo mal ningún a ninguén. Amnistía total, a todo o mundo, que xa non é sin tempo ¿non sí?, xa non é sin tempo, penso eu...», díxolle Aurora Lister a Xavier Navaza cando chegou a Calo, perto de Santiago pola estrada de Pontevedra, pra entrevistála e falar do seu irmán, Enrique Lister, «o antiCarrillo». Con Aurora estaba Manuela, outra das irmáns: as dúas coa mesma forza nos ollos, a mesma retranca. Pero quen falaba era Aurora, a máis nova, leiteira no mercado de Compostela a cabalo dun Citroen.

NOS CARGAMOS CO MORTO

«O principio da guerra: daquela

era un desastre. Si todo seguira sendo así, millor morrer. Pasamos moito medo. Chegaban a calquera hora, a tódalas horas. Non botábamnos un día sin que viñeran xunto a nós e, cando así era, ¡miuda novidade! Unha vez chegaron a decir que me querían sacar a pasear a mín», conta Aurora. «Porque tí sempre falaches moito —suliña Manuela, sorrindo—. Eu aínda calaba, pero tí...».

Aurora sigue:

—Enrique tería dezasete ou dezaoito anos cando viñeron e rexistraron a casa por primeira vez. Non atoparon nada, pero levárono coa parexa: seica repartira propaganda comunista no Milladoiro ou non séi qué. Miña nai foi detrás deles a buscalo e nós non sabíamos o que era todo aquilo. Eu era unha cría que iba á escola.

—¿Sempre tiveron problemas coa Guardia Civil?



MANUELA:
a nosa mocidade rematou no 36

Aurora e Manuela, irmás de Enrique Lister:

«Que lle den o pasaporte,
a él e a todos»

«Desfixeron a nosa familia
e non foi máis que porque
loitamos e fumos tirando...»

—Sempre, sempre, nós sempre. Eu nunca estiven na cadea pero, cando o empece da guerra, estando meus irmáns escapados polo monte adiante, eu non decía ónde estaban e chegaban os fascistas e veña a me dar leña e máis leña. Un día pecháronme nun cuarto e, cuns paos, déronme unha boa malleira: era o catro de outubro, o día que pasearon a Constante. Días atrás fusilaron a Faustino. Pasearon a Constante, sacárono da cadea e tirárono: aínda hoxe non sabemos ónde está. Manoel e máis Eduardo tamén andaban escapados, pero Enrique xa estaba en Madrid daquelas do 36. Pouco despóis pren-

UN HOME CHAMADO CABALO

—Enrique Lister seica, non pode ver diante a Santiago Carrillo ¿ou non?

—Eso sí, sí, disque sí... Pero eu non séi, son cousas de política que eu non entendo. Enrique, cando en algo se funda, algo terá contra Carrillo.

—¿Sempre foi un home con certa mala leite?

—Ai, moito, sempre, sempre... El, pola realidade, discutía coa Guardia Civil ou con quen fora. Chegou a pelexar con máis de un guardia e, moitas veces, zurróulle a un policía de Santiago que lle chaderon a Eduardo e chegaronlle a lle pedir pena de morte, logo foi a Madrid e voltou con seis anos. A Manoel, o máis novo, levárono a Sevilla porque era da quinta do 36 e non se presentara no día.

—¿E nestes últimos anos?

—Non, agora xa non nos molestaban pra nada. Antes, pola contra do que se poida maxinar, aínda fo-

ron máis malos os antigos amigos dos meus irmáns que os outros. Foron os que cambearon a chaqueta os que logo lle botaron as culpas de todo ós meus irmáns decindo que todos nós éramos os cabecillas. Fumos os que cargamos co morto.

OS GUERRILLEIROS

—O rematar a guerra chegaron os guerrilleiros. Andaban por Lugo e por Ordenes e fusilaron a unha chea deles. Pero nós non tratamos con eles, contra do que coidan algúns, porque os guerrilleiros sabían que a nosa familia andaba moi perseguida e nunca viñeron por eiquí. Eles sabían que sobre da nosa familia caera a represión con moita forza naqueles anos.

—Non viñeron, pois. ¿E si chegaran a vir?

—Home, si viñeran habíamolos de atender coma é debido, que tamén nos gustou a nós cando nos atenderon: tres anos polo mundo adiante, un pouco durmindo no monte e outro pouco nas casas dalgún amigo cando lle cadraba. Dende o 36 ó 39. Tamén a eles, ós guerrilleiros, colléronos ás veces cando estaban refuxiados nas casas. Outras, polo monte abaixo...

—¿Nunca tiveron que escapar da casa?

—Escapar da casa, non —di Manoela—, aínda que eu fun dormir máis dunha vez á casa dos veciños dunha aldea perto de eiquí.

—Esta sempre tiña moito medo —di Aurora sorrindo pra súa irmán—. Bon, medo o tiña calquera, porque chegaban á unha ou ás dúas ou tres da mañán. Chegaban cinco ou seis homes ou máis, ben armados, e entraban por eiquí adiante a paos con calquera...

maban «o caballo». Enrique era o único que lle frenaba os pés ó «cabalo».

—Pero, no fondo, ¿coma era?

—Moi bó, sempre foi moi bó. El é incapaz de lle facer unha traición a ninguén. Eso de bó corazón hai que deixalo: ten moito e, nas súas cousas, é moi sano e fala claro. O que teña que decir sempre o dí claro porque él non lle come ningunha perra chica a ninguén de cousa ningunha.

—Dende o 36, Enrique xa non voutou máis. ¿Teñen esperanzas?

—Home, nós pensamos de que veña porque él non fixo outra cousa que loitar por unha causa moi xusta. Supoño que lle darán o pasaporte a todos e que virá algún día de volta á casa.

—¿Nunca volveron falar con él?

—Non, falar non. Pero, por carta, moito. Miña irmán, Manuela —di Aurora— é a que máis cartas recibe, é á que máis lle escribe.

—¿Qué lles conta?

—Nada, cousas da familia nada máis.

ENRIQUE: GALEGO NA CASA

—¿Pero nunca lles contou nada do que pensa encol do proceso político español?

—Ai, eso non cho séi... Nós non sabemos o que pensa. El somentes pensa que lle teñen que dar o pasaporte porque non fixo máis mal que

loitar no frente republicano e logo no exército ruso. Sempre estivo loitando nos frentes, pero él non fixo outro mal máis que eso.

—¿De qué vive alá en Francia?

—Pois non sabemos, pero ten ós fillos en boa postura. Ten tres fillos, todos casados: dous homes e unha muller. Están todos en boa postura e axúdanlle moito a vivir. A filla xa veu por eiquí, sin ningún problema.

—¿Non lle coñecen á muller?


—Non, persoalmente non. Nada máis coñecemos á sobriña. Daquela que veu pola casa chegou logo a policía secreta a preguntar, pero xa ela marchara. Os policías decían que, dende eiquí, iba a Asturias. Eu lles dixen —conta Aurora— que non, que era mentira, que dende eiquí salíu en avión pra Madrid e dalí a París... Xa viñera, de nantes, outra vez. Decía que o seu pai sempre lles falaba a eles en galego. Dixo, tamén, que sabía catro idiomas pero non o galego. O ruso sí, supoño que todos eles saben falar ben o ruso.

—¿Será certo o que dín as malas línguas? ¿E certo que Líster, cando o Partido Comunista Español decidiu a creación do Partido Comunista Galego, tanto él coma Santiago Alvarez negáronse a tal cousa?

—Ai, nós deso non sabemos. Enrique é comunista dende denantes da guerra, pero daquelas non



AURORA:
Os peores... os que cambearon de chaqueta.



¡QUE LLE DEN O PASAPORTE!

había tantos partidos coma agora e non había esto de Galicia. Eu nunca soupen. Cando chegou o Movemento —conta Aurora— habían as dereitas e as esquerdas, non había outra cousa coma agora Claro, Galicia caíu deseguida nas máns dos fascistas e así foi que viñeron as escabechinas.

«¡ Un desastre, un verdadeiro desastre! —dín as dúas irmáns—. Desfíxeron a nosa familia e non foi máis porque loitamos e fumos tirando. Era coma morrer. Si, destes

últimos corenta anos, tivéramos que resumir... ¡Ai, entón tiñamos lería pra tempo! o final aínda bó é, porque nós somos honradas e traballadoras, pero daqueles anos primeiros...».

«O fascismo privounos, coma quen dí, da vida. Eu aínda non tiña —remata Aurora— vinte anos e ésta vintecatros. Entón xa se acabou a nosa mocidade a nosa vida, antre a policía, os falanxistas e todos cantos iban chegando logo. A nosa diversión foi así...».



ENRIQUE ERA O UNICO QUE LLE FRENABA OS PES O «CABALO»

Valiñas:

Os montes pros labregos

«Cando eu era rapaz os montes eran dos veciños e fan cortar pinos cando o necesitaban. Despois, aló polo coarenta e tantos, o axuntamento botóuse enriba e quedámonos sin eles». E moi vello. Seguramente pasa dos oitenta e está loitando polos montes pra que lle sirvan de algo «ós fillos e ós netos». Parroquia de Valiñas. Municipio de Barro, perto de Caldas. Terra de bon viño. Aquí tamén os veciños están a reivindicar aquilo que é seu e que lles quitaron: os montes comunais.

Amais dos testemuños dos vellos, os veciños contan con numerosos documentos que proban a propiedade dos montes: o do Piñeiro (44 ferrados), o de Vilar (70 ferrados) e o de Aldeña (70 ferrados). Hai documentos firmados por peritos nos anos 1856, 1882, e 1925 «que falan ben claro de que os montes nos pertencían; mesmo hoxe existen os «mojons» delimitando as fincas que lle tocaban a cada veciño». Nembargantes o Xurado Provincial de Montes de Pontevedra tarda en pronunciarse, namentres o axuntamento adxudicou en agosto unha nova tala de pinos.

PROBLEMA XERAL

O dos montes comunais e a súa apropiación por organismos alleos é un problema xeral en Galicia. Os veciños de Valiñas repetírono varias veces nunha asamblea na que estivo M. Rivas de TEIMA. Esplicaron coma xa nas anteriores talas, feitas nos anos 1950, 58 e 68, presentaron unhas instancias no axuntamento. Cortáronos igoal. «Dunha vez dixéronos que o diñeiro da venta o empregarían en obras pra parroquia, concretamente nun grupo escolar, pro nada de nada». Enterrados os veciños, a traveso do

párroco, de que a nova lei de Montes possibilitaba a volta dos veciños ós verdadeiros donos, xa non remexeron máis instancias senón que presentaron unha reclamación en forma.

Unha comisión elexida polos labregos está levando adiante os trámites coa axuda do abogado N. Barxa, que participou tamén na asamblea. «Tan pronto fixemos a comisión —decía un labrego— ahí veu o axuntamento a marcar os pinos, e os marcaron indiscriminadamente grandes e pequenos. Si chegan a cortarlos así sería un verdadeiro crimen». A representación fixo xestións ante diversas autoridades e foi recibida polo anterior gobernador civil e ten solicitado ser recibidos polo novo. «Queremos levar a cousa polas boas, pro que seiban que os montes son nosos a que non permitimos unha nova tala».

¿ONDE ESTAN OS CARTOS?

En Valiñas viven algo máis de cen veciños. Todos menos dez traballan a terra. O viño, a leite e os cuxos son os produtos que dan maior rendimento. Pro coma en toda Galicia, o agro non da pra moito. Os mozos marchan en procura de traballo: uns de albañil, outros mecánico... «Non temos nada, xa somos os máis esquencidos, pra que inda enriba nos quiten o pouco que hai». Alí, nun alprende da aldea, os vellos lembraban que os pinos supoñían unha gran axuda: recurrían a eles cando necesitaban mercar un traxe, pra pagar ó médico, pra unha festa ou un casamento... Hoxendía os labregos xa lle teñen buscado bo sitio: obras con beneficio comunal, coma camiños —«non sei si veron coma están»—, fontes, alumbrado, traída de augas,



OS VELLÓS LEMBRAN «Antes eran nosos»

etc. E decir, todo aquilo que non fixo o axuntamento.

Actualmente, o valor dos pinos é de arredor de dous millóns de pesetas; «ímaxínase o que poderíamos facer con eles». Do que non se sabe nada é dos cartos das outras talas. Polo menos en Valiñas o axuntamento no fixo nada que os xustificara. Na derradeira subasta de agosto os veciños pediron estar presentes e controlar e fiscalizar dalgún xeito a adxudicación, o que non se lles permitiu. «Mira, a subasta fanna coma lles da a gana». «A cousa —decía o abogado— non debéu ser moi doada cando non lles deron a oportunidade ós veciño de intervir na subasta».

Unha cousa curiosa é que, tendo as mesmas características unha e outra zona, en Ourense foron arre-

dor de 400 os montes devoltados ós veciños, namentres que en Pontevedra o foron 48. «Algunha cousa —comentaban os veciños— non funciona ben; debe haber algún organismo que nos fai a contra».

A comprensión de que o problema non é exclusivo da zona fixo que a comisión tivera conversas con outras comisións de aldeas que tamén están a reivindicar os montes, coma a veciña de Troans. Conversas propiciadas pola Asociación Agraria Galega.

A asamblea tratou a problemática global do agro galego. Os labregos tiñan clara a situación: «Coma non haxa unha reforma a fondo imos costa abaixo. Penso que a solución estaba igoalmente clara: «Soio coa solidaridade poderemos sair adiante».



«SOIO COA SOLIDARIDADE PODEREMOS SAIR ADIANTE»

Portodemouros: A represa do señor conde



«AFOGOU «O MARQUESADO»

«FENOSA, actual propietario do salto de Portodemouros, pretende tapala boca ós veciños de Loño (Viladecruces, Pontevedra) construíndo unhas rampas de atraque pró funcionamento dunha barcaza que non é solución ningunha e, aínda máis, será dun gran perigo, especialmente prós carros do país, tractores e coches», viñan a dicir, fai un mes, perto de mil quinientos veciños de Melide e bisbarra en apoio á parroquia de Loño pra que as Forzas Eléctricas do Noroeste, S. A., rematen por construír unha verdadeira ponte sobor do río Ulla.

Pasaran casi dez anos dende que os veciños afectados pola represa puxeran as cousas en claro: «Resulta que, denantes de escomenzar a construción do devandito salto, a cargo da empresa Hidroeléctrica de Moncabril, S. A., as parroquias afectadas —decían nunha serie de escritos enviados á «Comisaría de Aguas del Norte de España»— dispoñían de nove pontes, dabondo pra se comunicar ó traveso do río Ulla e máis dos seus afluentes Arnego e Iso. Tales pontes —engadíán os veciños— desaparecieron co nacemento da represa».

FENOSA, en silencio. A súa presenza esmagaba.

MORTE E CONTRIBUCION

Melide era, deica entón, o centro comercial e de comunicacións da bisbarra: feiras tódolos domingos e dúas grandes ó mes. «Agora —dixeron a TEIMA os veciños—, ó ter

os pasos cegos, sin comunicacións, o desenrolo da zona vese practicamente afogado. Por feiras, nin as de Arzúa».


As servidumes de paso ás leiras, hoxe, están todas cortadas périas promesas da empresa. Aínda máis, namentras as terras están anegadas polo auga da represa, dase a paradoxa de que nos caseríos de arredor a luz eléctrica é feble e esmorece polas noites: algúns, a dous kilómetros da central, non dispoñen nin da enerxía que compre a un cativo televisor.

«Os alambres de alta tensión andan colgados de mala maneira en postes podres ou por enriba dos mesmos pinos. Aínda nalgún tellado», din os compoñentes da Comisión de Veciños de Loño. «Tódolos invernos —engaden— chegamos a ter hastra trinta e corenta días sin luz, cando calquer tormentiña ou vento un pouco forte».

Hoxe, tres anos e medio despóis da morte de cinco rapaces, afogados cando viñan dunha festa con tódala vida do mundo, os veciños —diante da total pasividade e inoperancia do Goberno— siguen a pagar relixiosamente a contribución polas leiras anegadas polo auga. O medo medra na xente namentras, día a día, cinco ou seis malas barquiñas trasegan paseniño dunha banda a outra da represa.

ILLADOS POLA FORZA

FENOSA insiste na barcaza: «No 1975 —puido recoller TEI-



X. MARTÍN




ESTAS SON AS REPRESAS QUE TIÑAN QUE FACER

MA— escomenzaron a historia da barcaza e puxéronse a facer as rampas de aceso. Agora xa cambearon de lugar, pro aínda así non



OS VECIÑOS FAN, A EMPRESA DESFAI



UNHA OBRA DE INXENIERIA

queremos barcaza porque non é a solución. Denantes querían instalar as ramplas en sitios inaccesibles e sin poñelas unha enfrente da outra. Tal semella que FENOSA quere que o tempo chegue a demostrar a inutilidade do asunto. Logo, claro, nin barcaza nin gaitas. ¿E nós qué facemos?».

Illados pola forza, os veciños teiman na construción dunha ponte en condicións. O dez do mes de Santos de 1974, a Comisión de Veciños de Loño facía pública unha nota: «Tivemos que crear a Comisión prá reclamación urxente dunha ponte no lugar chamado Vixián, no punto máis estreito da represa. Unha ponte en substitución non soamente da de Reboredo —sobre do Ulla— sinón tamén das pontes dos Carrís, Arnego e Xaborneiros —sobre do Arnego—, que servían prá comunicación de parroquias deste Axuntamento (é dicir, Loño, Lázaro, Arnego, Cumeiro, Ferreiros, Duxame, Insua, Portodemouros e Vila de Cruces— coas parroquias do Axuntamento de Santiso (Veigondo, Visantona, Ribadulla, Pezobre, Pezobres, Novela) e co centro co-

mercial máis importante que é a vila de Melide xunto coas parroquias de Brocos, Sesto, Agra e Sexo, do Axuntamento da Golada. Polo demáis, outras tres pontes no río Iso comunicábanos coa vila de Arzúa».

Cando TEIMA foi falar cos veciños de Loño, nas casas non tiñan luz. Era mediodía e, no camiño, mulleres e nenos traballaban na reparación dunha pista. Perto dalí, construída en 1902 polos mesmos veciños, ben axeitada deica fai pouco, outra pista —ancha, aberta— escomenzaba a se converter nun lameiral baixo das rodas dos camiós xigantes da xigante empresa. Baixo da auga quedaba a millor terra da bisbarra: «Chamábanlle «O Marquesado», díxonos un paisano.

Liberación nacional, nova política económica, atendendo as necesidades populares e a urxencia de que o socialismo sexa construído ende a liberdade, son os tres eixos sobor dos que o Partido Socialista Catalán asenta a súa loita. Constantino Cabanas falou cun dos homes claves do socialismo catalán, Joan Reventós.

**pobos
ibéricos**



PSC: Guanyem la llibertad

formacións e independentes socialistas, a partir do Congreso Constituínte deste mesmo outono.

O P.S.C.

«O P.S.C. —díxonos Reventós— é unha organización que se construíu e sigue construíndose a través dun proceso aberto e transparente, feito á luz pública e diante do noso pobo. Un proceso iniciado desde fai anos e que ten diversos hitos, como son o mitin do Palau Blau Grana o vintedós de xuño e a celebración do Congreso Constituínte nos derradeiros días de outubro próximo pasado. E a construción dun partido de amplias fronteiras, aberto e flexible, que reúna a todos os socialistas cataláns e no que todos teñan un papel protagonista. Por elo é un partido de crase, nacional, democrático, de masas, autoxestionario, capaz de levar á vez a término a loita cotidián pola democracia de base e, no seu intre, a loita eleutoral».

No PSC están agrupados tamén os disidentes de Esquerra Republicán, con Andréu Abelló ó frente; socialistas independentes como o arquitecto Oriol Bohigas, o crítico de arte Cirici Pellicer, a escritora María Aurelia Capmany, os cantantes Guillermina Motta e Joan Manuel Serrat, o dibuxante Cesc, os xogadores de fútbol Rexach e Torres; os membros do Partido Popular Catalán; os do POUM, Partido Obreiro Unificado Marxista —o dos históricos Maurin e Andrés NIN—; os disidentes máis esquerdistas do PSC (ex-Regrupament), e o Partido socialdemócrata de Pallach.

O INTRE GALEGO ACTUAL

Nunha ocasión, dixera Reventós: «O partido dos socialistas cataláns

vai ser un partido nacional. A liberdade e máis o socialismo están indisolublemente xunguidos á existencia autónoma dos pobos, o que implica o autogoberno das comunidades nacionais. Isto supón desde o punto de vista federalista, que éu comparto, a posta en común de parcelas básicas de actividade estatal e un volumen importante de recursos prá axuda mútua. Por esto os socialistas cataláns apelamos constantemente ós nosos compañeiros dos outros pobos do Estado pra que asuman esta concepción multinacional e cooperativa da vida social».

Sendo así, é lóxico que a Reventós lle preocupe a situación ouxetiva da nosa Terra. «Deica fai pouco tempo —declarou a TEI-MA— Galicia caracterizábase por un certo retraso político en relación con outras nacionalidades. Posiblemente as características de explotación semicolonial á que se encontró sometido o pobo galego esprican esta situación. Os pasos de aceleración política dados no anos derradeiros, o arraigo que está conseguindo o socialismo galego, son o mellor agoiro prá corrección desta situación de retraso político. A loita pola liberación nacional, pola democracia e máis a transformación socialista, son as grandes opcións políticas que se abren diante do voso pobo».

O SOCIALISMO NOS PAISES CATALANS

Agora ben, esta cooperación proclamada por Reventós tén que materializarse, en Cataluña, nunhas especiais relacións coas outras comunidades máis afíns. Pra Reventós os Países Cataláns son unha comunidade lingüística, cultural e

A dictadura de Primo de Rivera, a dictablanda de Berenguer, o optimismo republicán, a coarentena noitébrega, a encetada Reforma... Amén. E un soio deus verdadeiro: o socialismo.

Pra Joan Reventós, o paso por estas cinco vías purgativas estivo presidido, nos coarenta e nove anos da súa vida barcelonesa, por un aoxetivo concreto e fixo, compartido por moitos outros cataláns coma él: a construción dunha Cataluña ceibe e socialista, autogobernada. Este sol ideolóxico, durante a clandestinidade forzada, levouno á formulación dunha militancia socialista converxente, é decir, á

aglutinación dos socialistas procedentes doutras formacións máis débiles, na busca dunha unidade ouxetiva.

Nesta ubicación tiñámolo fai máis dun ano, cando Franco; e fai algo menos dun ano, cando o post-Franco. Deica o pasado mes de outubro era o segredario xeral da Convergencia Socialista de Cataluña, o grupo —aínda non partido— situado entre a socialdemocracia catalana e os comunistas do PSUC. E fai pouco máis dun mes, é un dos quince membros do Segredariado do Partido Socialista de Cataluña, PSC, no que se integróu a Convergencia, xunto con outras

histórica que determina unha realidade desigual que configura o marco potencial dunha nación. «Desde unha perspectiva socialista —dixonos él— é unha realidade que asumimos coma un proieuto a desenrolar». «Non só en termos de identidade lingüística —engadíu—, sinon de acción e práctica política, a fin de que os pobos de Cataluña, País Valenciano e as Islas coordinen as súas actitudes pra potenciar os rasgos da súa identidade común».

No PSC ven este feito como o resultado dun proceso de maduración da realidade por cada ún dos pobos, maduración que require libertades democráticas e máis a outención de estatutos de autonomía pra cada ún dos tres Países. «Este traballo —dí Reventós— é o que seguimos a través da Coordinadora Socialista dos Países Cataláns».

OS PROGRAMAS DE OUCION EN CATALUÑA

Denantes da guerra civil o socialismo en Cataluña foi moi débil i estaba disperso. Hoxe as transformacións que se foron producindo nas relacións de produción durante os derradeiros coarenta anos cambearon sustancialmente a realidade socio-económica catalana. O oitenta por cento da mán de obra activa é asalariada. Trátase dun país de traballadores da industria, dos servicios i en menor grado dos seutores primarios. «Elo —según manifesta Reventós— crea unhas bases ouxetivas favorables ó socialismo; e, doutra banda, sectores que tradicionalmente se inclinaron por posicións centristas, hoxe están ouxetivamente interesados no socialismo».

Así as cousas, a política prioritaria dos socialistas cataláns sigue sendo desde fai anos «GANAR A LIBERTADE» —este é o eslogan do PSC: «Guanyem la llibertat»—. «Deica que non haxa o pleno restablecemento das libertades —dí o noso interlocutor—, e con elas das institucións políticas de autogoberno propias de Cataluña, non poderá avanzar o pobo catalán de cara a democracia».

Na democracia o ouxetivo socialista será a súa consolidación, a súa ampliación e máis a súa profundi-

zación. Son ouxetivos necesarios que permitan iniciar as transformacións de transición cara o socialismo. Esto siñifica unha nova política económica e social, sometida ó control dos eleutores, que deberá facerse atendendo á prioridade das necesidades populares. coma garantía de eficacia de administración. Siñifica tamén que a ampliación da democracia comporta a ampliación da autonomía.

Dí Reventós: «Nesta etapa traballaremos —i este é un dos nosos grandes ouxetivos estratéxicos— pra formación dun bloque social, un *frente de traballadores plural politicamente e plural tamén nas súas organizacións de masas*, que constitua a forza capaz de impulsar a transición cara o socialismo».

O SINDICALISMO SOCIALISTA CATALAN

Aquí chegamos a un punto básico. ¿Cómo emparentar a laboura dos obreiros ó servizo dun partido nacional cos demais traballadores? No caso de Cataluña, os militantes do frente de empresa do PSC teñen a obriga de sindicarse e tomar opción por algunha central sindical, co compromiso de impulsar as correntes que buscan a unidade sindical e a autoxestión na organización da sociedade.

«Elo —afirma Reventós— na práctica concrétese en que os militantes do PSC están na Unión Sindical Obreira (USO), Comisións Obreiras (CC.OO.) e na Unión Xeneral de Traballadores (UGT)».

«Tamén siñifica —sigue decindo— que non só o temos prantexado, sinon que combatimos calquer opción que subordine ou transforme en correa de transmisión ós sindicatos ós intereses dun partido. O que quere decir o reconecemento de que os sindicatos teñen que ser capaces de elaborar por sí mesmos a súa estratexia anticapitalista; i elo tanto na fase de loita contra o capital como na transición e no socialismo, no que deberán ser unha garantía máis de liberdade e democracia».

A HEXEMONIA OBREIRA

A pesar de ser marxistas no PSC non están pola dictadura do prole-

tariado. «Polo uso, abuso e deformación que espermentou o concepto, especialmente durante as fa-



JOAN REVENTÓS

ses estalinistas, nós falamos da hexemonía civil dos traballadores en canto que nos repugna a noción de dictadura», puntualiza Joan Reventós. «A vía pra consecución do socialismo é pra nós a democracia, a ampliación constante do contido real das libertades. I é precisamente nela que se establecerá a hexemonía civil dos traballadores, é decir, o pobo traballador».

NON O COMPROMISO HISTORICO

En Cataluña fálase das boas relacións existentes entre o PSC e máis os comunistas do PSUC. ¿Estarian os socialistas dispostos a xungirse con outros partidos no mesmo carro de cara á consecución dos seus ouxetivos? Non. A resposta de Reventós neste sentido foi determinante: «O compromiso histórico é a política elaborada polo Partido Comunista Italiano pra realidade concreta do 1976-77, e a súa aplicación mimética en Cataluña sería, por mecanicista, unha grave equivocación. Os mesmos comunistas falan cada vez menos do compromiso histórico, proba de que o concerto non é tan bon. Ade-

máis, en Italia apareceu despóis de trinta anos de democracia, e nós non a temos xiquera conquistado».

«Esto —seguíu decindo— afirmao un socialista que tén unha opción estratéxica ben clara, que é a formación dun bloque social histórico, o que chamamos o frente dos traballadores, como forza capaz de impulsar a transición ó socialismo. Pero esto non é unha línea táctica pra hoxe ou pra mañán, sinon pra pasado mañán, cando a democracia esteña consolidada, ampliada e profundizada».

COS DEMAIS SOCIALISTAS

Noustante, a laboura común perto dos demais socialistas peninsulares vése no PSC como fundamental. «A desunión socialista —apunta o noso entrevistado— é o froito de coarenta anos de falla de liberdade». Frente a este feito, según él, a articulación de todos os socialistas do Estado aparece necesaria por tres razóns:

a) Pola necesidade de establecer unha estratexia común na loita contra o capitalismo que desborda os marcos das nacionalidades.

b) Pola necesidade de contar coa solidariedade dos compañeiros de crase no conxunto do Estado e nas futuras institucións democráticas que defenden o dereito dos pobos de cada nacionalidade á liberación nacional.

c) Pola convicción de que o socialismo catalán debe cooperar cos demais socialismos ibéricos pra garantir que a transición ó socialismo se faga pola ampliación e profundización da democracia.

Na opinión do mesmo Reventós, hoxe a Federación de Partidos Socialistas é un motor pra impulsar o proceso das articulacións socialistas, á vez que a expresión dereita das posicións ideolóxicas que defenden (autoxestión, unidade dos traballadores, defensa das realidades nacionais e rexionais). A F.P.S. artículase nunha prefiguración do que debe ser a articulación socialista en base a partidos de base nacional. «Estamos convencidos —rematou decindo— que desde ela, poderemos contribuir a acelerar a articulación dos socialistas cataláns cons outros socialistas do Estado».

Nasceu o M.E.G.

Dar conciencia os emigrantes e integralos á loita contra o sistema capitalista que nos condena a emigración, e un dos puntos programáticos do recentemente constituído Movemento de Emigrantes Galegos. O M.E.G. manifesta que Galicia é unha nación asoballada polo estado español que mantén o pobo galego nunha dependencia política, económica e cultural, cujas consecuencias maniféstanse na emigración. O MEG que propugna unha solidariedade amplia con tódolos emigrantes galegos sin

discriminación de idade, sexo, profesión e ideoloxía, defínese como un movemento de masas na emigración, independente de todo partido e que se auto-escluíese de participar das tesis «españolistas» por non teren en conta á realidade galega. O MEG, que nas súas relacións cos emigrantes utilizará sempre o idioma galego, estará rexido por un secretario xeral, tres secretarios adxuntos e cinco vocais.

«Representantes típicos da burguesía, racistas tan perigosos no seo do partido coma unha bomba de efecto retardado, eles ensinaron a súa verdadeira cor e convertíronse en algo tan desagradable e desprezible coma a bosta dun can»... Estes tratamentos e outros semellantes, utilizáronse últimamente en contra do «grupo dos catro», o señor Chiang Ching e os señores Wang Hong-Wen, Chang Chun-chiao e Yao Wen-yuan. O noso colaborador XAN BOUZADA fai neste artigo un análise da situación en China despois da morte de Mao.

Loita número 12 entre as dúas liñas

China: O camiño da «desmaoización»

A falta de claridade neste proceso, nesta loita entre as dúas liñas preséntase a dous nivéis; ó xa clásico problema da información que procede da China, hai que engadila complicación e dificultade de comprensión dos tipos de problemas que se lle plantexan a aquela sociedade, moi diferentes cualitativamente ós que se nos presentan nas sociedades occidentais capitalistas. Unha rápida lectura da prensa non nos aclararía nada, dado que o grupo chamado esquerdista ou radical é acusado de pro-capitalista e reinstaurador da burguesía, o cal é unha contradicción que decote vemos reflexada na prensa que estamos a recibir.

LOITA NUMERO 12

O conflito producido coa expulsión do «grupo dos catro» hai que poñelo en relación coa loita entre as dúas liñas. Esta loita faría o número doce; a número once foi a que conduciu á destitución de Teng Hsiao-ping. Espoñendo a situación dun xeito simplista podemos dicir que unha liña sería o reflexo duns fins «economicistas» ou «productivistas» e a outra, a dos catro expulsados, sería «ideolóxica» ou de reivindicación do desenrolo da politización nas masas como factor fundamental do proceso revolucionario, sacrificando en pro da súa realización ideolóxica ventaxas materiais a curto prazo.

Dous artigos publicados no periódico chinés «Bandeira Roxa» nos meses de marzo e abril do ano 1975, un de Yao Wen-yuan e outro de Chang Chun-chiao, cando estes eran considerados coma os sucesores

naturais de Mao, son a exposición ideolóxica sistematizada do chamado «grupo de Changai», que se contrapón á dos «economicistas». E interesante comenza a velo artigo de Yao Wen-yuan, titulado «Sobre a base social da camarilla antipartido de Lin Piao», pola parte na que critica ós «economicistas» ou «revisiónistas», reflexados naquel intre polos seguidores de Lin Piao, de levar un traballo de confusiónismo nas masas. «Pra levar a cabo actividades de tipo capitalista baixo a dictadura do proletariado, están obrigados dun xeito ou doutro a mostrar unha insignia socialista». «Lin Piao recurrirá a unha dobre táctica contrarrevolucionaria pra enganar ó partido e ás masas e utilizará a forza do movemento das masas prós seus propios fins», e continúa máis explicitamente ó acusalo de «practicala dobre táctica contrarrevolucionaria ou axita-la bandeira roxa pra combati-la bandeira roxa».

A ORIXEN DOS «REVIS»

O interese central deste artigo de Yao Wen-yuan está en cómo él analiza a orixe social do grupo «revisiónista». Considera que intenta ampliar o terreo de influencia do dereito burgués é dicir, amplia-los estímulos económicos pra incrementar a produtividade dun xeito mecánico e non revolucionario (é moi sintomático o feito de que Chag Chun-chiao, dende había 17 anos, seguía as teses de Mao sobre a limitación do dereito burgués, que era pra él unha pervivencia do capitalismo que retardaba o proceso revolucionario de transición pra



CHIANG CHING E WANG HUNG-WEN

Dous membros do «grupo dos catro»

conqueri-lo socialismo); e distingue por unha banda que «a camarilla de Lin Piao encarnaba os intereses dos grandes propietarios de terras e da burguesía derrubada, e que espresaba o anxeio desta de eliminar a dictadura do proletariado e de restaura-la dictadura da burguesía» e representaba «tamén as esperanzas dos novos burgueses enxendrados na sociedade socialista e que loitan pola toma do poder».

Consideraba tamén no seu artigo Yao Wen-yuan que a fonte política e ideolóxica da cal beben os «economicistas» é o imperialismo intencional e o revisionismo. Recalcará sempre Mao —é unha idea recollida por Yao moi claramente— que nas «tres diferencias» (diferencia entre o obreiro e o labrego; entre o campo e a cidade e entre o traballo intelectual e o manual) pervivía o dereito burgués e que era necesario limitálas na dictadura do proletariado. E evidente que si se aumentan os estímulos materiais, as diferencias salariais e a autoridade dos cadros da empresa aumentarán, o proletariado quedará marginado da dirección e crearase unha situación favorable pra que certos cadros acumulen capital, por vía legal ou ilegal, e se produza en consecuencia, a explotación das clases traballadoras.

RESTO DO MUNDO


Se como quería Teng Hsiao-ping, se importa técnica do estranxeiro, ademais de crearse unha dependencia política por vía da dependencia económica, esquecerase un aspecto da contradicción entre traballo manual e intelectual, que debe ser limitado no socialismo a traveso da potenciación da capacidade creativa das masas que é o único camiño pra conqueri-lo socialismo, e atopámonos con que pola consecución dun certo progreso «economicista» a curto prazo sacrificouse o verdadeiro contido da liberación das clases traballadoras, que deben rexir no proceso do camiño ó socialismo.

ECONOMICISMO E «DESMAOIZACION»

O que parece mais claro cada día é que o conflito chino que se acaba de producir, conduciu a un reforzamento da liña «economicista» e esta impresión refórzase ó ver as críticas que se lle fan ó «grupo dos catro» no «Xornal do pobo», do pasado 4 de novembro. Alí acúsaselles de boicotear coa súa postura o nivel de vida das masas e o desenrolo económico.

Parece tamén claro que neste reaxustamento do poder os cadros medios da administración china xogaron un papel fundamental conta a liña ideolóxica ó potencia-las mobilizacións de masas en apoio de Hua Kuo-feng. Son os mesmos cadros medios que Mao vía aburguesándose e necesitados dun intenso estudio do marxismo-leninismo.

Outra das características do momento político chinés é o mantemento da crítica a Teng Hsiao-ping aínda que perdendo forza día a día e volvendo a ocupar postos algúns seguidores da súa liña. O mantemento da crítica a Teng Hsiao-ping (tema constante na prensa china dos últimos meses) esplicase, sin dúbida, polo feito de ser apartado do poder en vida de Mao. Aínda non lles é posible ós seguidores de Hua Kuo-eng presentarse diante do pobo chinés atacando craramente as posturas que Mao apoiara. E dicir, aínda non son capaces de levar a cabo a «desmaoización».



«ALEJOS», CON «ORELLA» EN PRIMEIRO TERMINO
Gastronomía e progresía

Se algún forasteiro, influenciado polo famoso dito decidira pedir auga en Pontevedra ó seu paso pola boa vila, posiblemente sería un oficinista o encargado de servirle o líquido. E con toda probabilidade, tamén, ese líquido tería moi pouco que ver ca iauga e moito co alcohol.

Son esas dúas famas — a de bós catadores e a de cidad burocrática — as que distinguen por enriba de calquera outra ós pontevedreses e a Pontevedra. Famas que, de ser certas, resultarían somentes o produto último dunha particularísima estrutura económica e social, tecida maiormente encol da administración pública.

(Son os propios pontevedreses quenes se preguntan que sería hoxe da súa cidade se o entramado burocrático que crea unha capitalidade de provincia desaparecera. A interrogante — que podería ir acompañada de esixencia de responsabilidades a quenes ó cabo de tantos anos de poder non superon prepararlle outro futuro á vila — non parece que vaia deixar de plantexarse hastra que Pontevedra dispoña de medios de produción propios. Polo de agora, as poucas industrias instaladas — contaminantes na súa meirande parte — crean novos problemas en troques de resolver os que xa se daban. E non se sabe ben cómo rachar esta especie de círculo pechado).

BUROCRACIA, BUROCRACIA

O feito, hoxe, é que a casi absoluta primacía dos servizos — da burocracia — na estrutura de produción pontevedresa, marca todo un comportamento cidadán. Na hora do lecer, os pontevedreses actúan, curiosamente, coma si prolongaran a súa actividade laboral. Así, a rutina que conleva o traballo burocrático parez terse estendido tamén a diversión, que en Pontevedra ten un aire cáseque de cousa que «hai que facer», repetitiva, pro-

gramada. Máis que ningún outro galego, o pontevedrés é un home de costumes, que nin siquiera precisa «quedar» pró seguinte día cos amigos. En xeral, todo o mundo é localizable a determinadas horas e en determinados sitios.

Pesia todo, e contra o que poidera desprenderse de todo esto, os lugares públicos de Pontevedra ofrecen ambiente agradable cáseque sempre, cousas sorprendentes nalgunhas ocasións e espectáculos imprevistos de cando en vez. O forasteiro que non dispoña de moito tempo e desexe facer unha visita o máis abranguedora posible, terá que trazarse un itinerario mínimo. Itinerario que podería escomenzar, por exemplo, nos bares e tabernas da Pontevedra vella.

Se decidira arrincar da calle Real faríase inescusable unha visita a taberna-tenda de ultramarinos do señor Ríos. Ademais da conversa didáctica do propietario, esperto en francés e matemáticas, pódese atopar alí unha clientela na que se mesturan a xente máis nova e os parroquianos de toda a vida. E, o que é máis importante, un insólito



«CEIBE»: UNHA VISION ACRATA DO VIÑO

De carallada por Pontevedra

«Pontevedra é boa vila, da de beber a quen pasa a fonte na Ferrería San Bartolomé na plaza».

viño de uvas pasas que permite agarrar trompas rápidas por poucos cartos. Outra versión algo máis espesa deste viño podíase mercar, hastra hai algún tempo, nunha taberna prósima xa desaparecida: a «Navarra».

CHIQUITAS E PROGRESIA

Quen se sinta tan interesado pola ledicia do ambiente como pola calidade das chiquitas ten moito onde escoller: dende os «Maristas», na plaza da Verdura, deica o bar «Lugo», na da Estrela, pasando polo «Timón», o «Casqueiro» —escelentes bocadillos de calamares—, o «Victoria» —tapas de fabada—, o «Chinito», o «Lanzada», o «Chiruca»... Prós que dispoñan de coche ou moto, «A Paloma», en Mourente, ten un viño rubísimo, e «Cholo», en Alba, un xamón asado de xeito pouco menos que celestial.

Se o forasteiro estivese interesado en ver á progresía pontevedresa nos seus feudos, non lle quedaría outro remedio que acudir a «Alejo's», «Lord Nelson» ou «Ceibe». En



«Alejo's» —pouco espacio, pro axeitada decoración— pódense atopar cáseque tódalas marcas de cervexa que un poida imaxinar: dende a máis ruín deica a de precio semi-prohibitivo. «Lord Nelson», de aire tan inglés como o seu nome, ofrece máis atractivos ambientais que gastronómicos. «Ceibe», a máis nova, podería constituir o lugar ideal pra que calquer libertario se sentirá a gusto.


A burguesía estricita —xeralmente libre de progresismos— concéntrase, sobor de todo, nas cafeterías. Enormes, abertas, e provistas de tremendos ventanales, éstas reflexan tamén toda unha forma de ser e entender a convivencia común. A cafetería pontevedresa —«Daniel» e «Las Torres» son as grandes— parece estar feita pra que o consumidor e o paseante sexan, ó mesmo tempo, espectadores e actores dunha mesma obra. Moitos pontevedreses —xente consciente do anacronismo de certas estruturas— quixeran saber tamén dunha boa vez quén é o guionista.

Pro eso escapa xa dos límites dun reportaxe sobre tabernas, bares e cafeterías. Anque non deixe de ser outro tipo —peor— de carallada.



«ISMAEL», INTERPRETA
Espectáculos non previstos

Cando a destrucción dos recursos naturais é progresiva, cando o aumento de salarios non chega pra asegurar unha vida millor, cando na escola galega o neno non atopa nin educación persoal nin educación profesional, María Xosé Queizán, escritora (ten editada unha novela «A orella no burato»), recollendo dalgún xeito, anque a título persoal, un novo espírito que fluxe polas correntes sindicais, propón un sindicato galego, revolucionario e nacional, que anule a diferenza tradicional entre sindicatos e partidos políticos. O debate sobor duns dos temas máis quentes que ten diante o movemento queda aberto.



Transforma-lo sindicato

María Xosé Queizán

A represión central e o peso dos grandes monopolios dan unha rixidez ó sistema capitalista que tende a provocar no movemento obreiro unha resistencia estrutural e política do sistema ó teren cada vez máis dificultades para conseguir milloras das súas condicións de traballo.

Dentro dun marco xeral do capitalismo obsérvase:

a) O encarecemento progresivo dos gastos de produción promovidos por dous factores fundamentais:

—Políticos. A toma de conciencia e a revolta dalgúns países colonizados e terceiromundistas.

—Físicos. A destrucción progresiva dos recursos naturais. No que se refire a Galicia, se o pobo galego non toma conta do poder, non tardando quedarán mermadas e mesmo derramadas tódalas riquezas naturais do país.

b) O encarecemento dos costes de produción ó ter que reproducilo meio natural. Isto fará necesario pró propio capital un cambio no modelo de consumo.

c) A debilidade dos factores de crecemento que resultan desto,

cunha tendencia a estancárense e a diminuíren.

Destas condicións parece deducirse unha vulnerabilidade do propio sistema que ten que adoptar unha maior rixidez prá súa permanencia.

Empreso a división tradicional entre loitas políticas e económicas (sindicais) tende a perderse.

NOVA SOCIEDADE

Convén dar voltas e cismar sobor do feito. As reivindicacións sindicais habituais (soldadas, duración e condicións do traballo, defensa do emprego) ó convertírense en ataques contra de equilibrios fundamentais —a estabilidade e mesmo a viabilidade do sistema— terán cada vez meirande resistencia. A última lei do despido ven a comprobalo. Prodúcese en consecuencia unha politización progresiva da loita sindical que debe pasar a un refugar consciente do sistema capitalista e un proxecto consciente de transformación da sociedade. Nos últimos anos estáse forxando xa esta transformación reflectada nos programas de certos sindicatos europeos, segundo explica Michel Bos-

quet nunha análise do feito no que baso estas reflexións. O sindicato francés CFDT e os italianos FIM-CISL tenden a formación dun movemento político de masas.

EDUCACION ANTIHUMANA

As reivindicacións clásicas, inda tendo importancia primordial, non chegan prá esixencias de hoxe que aparecen cada vez máis ligadas a reivindicacións extraeconómicas, cualitativas, que poñen en cuestión o poder central. Pra un traballador galego o aumento de salario non basta pra lle asegurar unha vida millor. Non se trata tanto do consumo individual, do que poida mercar por si mesmo, coma do carácter represivo e inseguro do traballo e das inversións sociáis na súa terra. Precisa de vivendas asequibeis e dignas, duns transportes públicos rápidos e cómodos, de servizos de sanidade eficaces e coerentes coa realidade patolóxica galega, que teñan en conta a polución e a seguridade no traballo. O ensino público é tamén cuestión fundamental. O sistema escolar actual, traumatizante, acientífico e en lingua allea, pon en contradición a función so-

cial da escola e a función educativa. Na escola galega de hoxe non se topa nin a educación persoal do alumno nin unha calificación profesional que lle sirva na vida posterior. O sistema escolar é totalmente selectivo e tende a agudiza-la desigualdade social. Absolutamente marxinado da lingua e da realidade galega crea dende a base o fracaso social duns —os fillos das clases populares galegas— cuns sistemas competitivos que reproducen xa as posteriores relacións de produción. Deste xeito, nesta escolarización antigalega e antihumana, é como os fillos dos obreiros quedan coutados pra unha futura promoción social e fican relegados a traballos non cualificados que perpetúan a súa opresión. *Compre que os traballadores galegos consigan a escola obreira galega e unha cultura nacional non selectiva.*

AUTORES DA SUA VIDA

Todo eso, a sanidade, a vivenda, a escola obreira, a cultura, o transporte, o meio ambiente, as diversións, etc., non se pode mercar con ningún salario. E no noso país dependente as inversións públicas deste tipo son cáseque nulas (redu-

cense ás mínimamente necesarias pró desenrolo do propio capital) e, pola contra, os atentados humanos, culturais, ecolóxicos, etc., aumentan de día en día.

Polo tanto as tradiciónais reivindicacións saláriais están sendo sobrepasadas por unhas necesidades dos traballadores dentro da perspectiva global da situación de Galicia, das satisfaccións de autonomía e independencia que lles permita se-los autores da súa transformación social, política e económica.

FACE-LO XOGO

A posibilidade de conseguir esto dentro dunha línea reformista sindical é nula. Haberá que adoptar unha línea obreira revolucionaria e nacional que anule a diferenza tradicional entre sindicatos e partidos políticos. E un sindicato con dirección centralista non pode unificar á clase obreira galega. ¿Cómo debe ser, logo, este sindicato?

Sabemos que o capital ten absorbidos por completo os dominios da actividade. Todo está mercantilizado. A continuación do Estado central hoxe non se basa tanto na ideoloxía, nin moito menos no apoio da maioría, senón nos manexos fraudulentos da concentración do capital. Nos monopolios ligados ó poder central, na lonxanía e no descoñecemento da realidade galega, nun único interese de lucro está determinada a desfeita e o desmoronamento da nosa sociedade. O Estado así redúcese a un poder operacional que se limita a dirixi-las crises dun xeito autoritario. Os aparellos burocráticos, a administración, as forzas represivas e a miúdo os sindicatos son os que consiguen mante-la situación. Porque un sindicato reformista que dialogue e pacte co poder central fai o xogo ó sistema e contribúe a perpetualo. No mesmo caso atópanse os partidos políticos tradiciónais, coa súa política de combinacións electorais e parlamentarias, absolutamente desacreditados hoxe. Esta situación coloca ó movemento obreiro nunha forma política nova, nunha práctica política de masa que sobrepase os ordes caducos, os vellos moldes inoperantes hoxe, pra chegar a un goberno popular galego.

SINDICATO NACIONAL GALEGO

O novo sindicato ha de ser único, acollendo no seu seo ás diferentes capas e categorías de traballa-

dores. Pro a unificación non debe se-la suma dos intereses diversos segundo os estamentos, senón un proxecto nacional superior que sobrepase os intereses particulares cara unha meta común: a independencia e a socialización de Galicia.

Cunha perspectiva miope pode parecer que estas arelas esceden ás cotiás esixencias obreiras pro a pouco que recapacitemos no anteriormente dito comprendemos que nunha Galicia dependente e capitalista dificilmente se pode ter unha soldada xusta e, menos aínda, un entorno que nos permita vivir na terra con dignidade do propio traballo.

Este sindicato nacional galego que coordine as loitas dos traballadores e sosteña as ideas debe ter en si mesmo, na súa propia estrutura organizativa, o xerme das súas reivindicacións: a autodeterminación e a democracia das masas.

NIVEIS NON NEGOCIABEIS

Debe tender a elimina-los representantes sindicais pra seren substituídos por assembleas libres e comités revocabéis co cal evítase o perigo de que o sindicato se institucionalice a partir dos seus representantes permanentes e sexa recoñecido polo sistema (comprobamos como a patronal negase a dialogar con agrupacións obreiras que non sexan os representantes instituídos) coma unha mediación aceptada polo capitalismo e compatible con el. O sindicato instituído negocia e obtén solucións reformistas que en ningún caso van a resolver en profundidade os problemas das masas traballadoras galegas e nalgúns casos supoñen unha traición ós seus intereses. Os problemas dos traballadores galegos somentes terán solución nun sindicato único, autónomo e democrático.

Os sindicatos tradiciónais non aceptan esta nova línea sindical democrática porque temen ás assembleas libres e comités soberanos, á elección e revocabilidade dos responsabeis; porque saben que deste xeito a loita e a combatividade obreira acadaría niveis que xa non serían negociabeis.

As dúas posturas sindicais están xa en contradicción en Galicia neste intre. E preciso que a masa traballadora galega se desentenda de vellos esquemas e olle á realidade con independencia pra poder conseguir un país libre onde se poida facer realidade a xusticia e a dignidade de todos.



- NARRACIÓN
- POESÍA
- TEATRO
- ENSAIO
- ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA
- HISTORIA
- ARTE
- HUMOR
- VIAXES
- FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA
- MANUÁIS
- MÚSICA
- LITERATURA POPULAR
- LIBROS PRA NENOS
- REVISTA GRIAL...

A CULTURA GALEGA EN LIBROS

EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO

Redondela: O FIADEIRO MUNICIPAL

Namentras en Santiago a Confederación Católica de Pais de Familia xuntábase pra decir, en letras de metro e medio, NON ó divorcio en España, os ventos de Redondela asubiaban por outros carreiros: Na sesión extraordinaria do Pleno do Axuntamento —presidida polo alcalde, Pedro Otero Rey— algo ben distinto viña a figurar na orden do día. «Petición sobor da implantación do divorcio en España», sin pelo ningún na lingua dos concelleiros, era o tema.

Todos quentes, ninguén se aclaraba —seica— no fiadeiro municipal. Chegáballe, pois, o turno á votación: Dos doce concelleiros, catro dixeron SI. Non era dabondo.

O miolo da historia ven sendo que, os oito do NON, compoñen a sección liberal do Axuntamento. Os do SI, o búnker. ¡Quén o dixera! O certo é que, «democráticamente», a Corporación Municipal botáballe coma quen dí un cabo á devandita Confederación. Fóra, seica, máis dunha muller agardaba ó seu home: Non é doado exercer de concelleiro en Redondela.

Machiño, ¡qué difícil cambear de compañeira!

Xosé Peleteiro, «o terror» de Lavadores —barrio vigués—, colléu un día as maletas e fixo o viaxe cara á Alemaña. Traballou de sol a sol e fátouse de tanta miseria proletaria. Pensóuno dúas veces, dúas noites e foi dabondo.

Iluminado, voltou a Vigo cun equipo magnetofónico baixo dos brazos. Bon material alemán e potente: tódolos días, de dúas a tres da tarde cunha puntualidade que asoballa de matemática, os veciños do seu barrio (Cambeses-Lavadores) dispoñen a punta de ourella dunha auténtica emisión subterránea. Xosé Peleteiro pasárase ó socialismo.

Unha hora xusta dura o programa feito polo mesmo «terror de Lava-

O terror de Lavadores

dores» e lanzado ó vento suburbial: contra do alcalde de Vigo, contra do alcalde do barrio, contra dalgún veciño carca si se tercia, contra de quen se poña a tiro de Peleteiro.

Os veciños do Xosé, de cando en vez, botan unha ollada pra fóra. Peleteiro rise pra sí, asoma a cachola pola fiestra da súa casa e, cinco segundos, suspende o programa: «¿Escóitanme ben?», berra con tódalas forzas. Logo, métese dentro. Dalle volumen de novo ó aparato e o serial escomenza.

«O terror de Lavadores», tódolos días de dúas a tres da tarde, pon a parir a tododiós. Certo.

Enteiro


Estudantes, mariñeiros, campesiños, profesionáis, xentes da cultura galega, do teatro, das letras axuntáronse calquer día pra cantar coma se canta na rúa, nos pasillos da Universidade de Compostela, na casa de cada quén, e grabaron o disco producido por Radio Popular. O «Himno Galego» e máis o «Venceremos Nós», dúas mostras —asegún se explica na pasta do disco— que reivindicán a persoalidade dun pobo. O noso pobo.

Síntese cómo se desafina, non hai arranxos nin orquestación.

Os cantantes non saben da música pro sáille «fora ialma» coa forza da espontaneidade. E, por outra banda, a primeira grabación do «Himno Galego» enteiro, coas estrofas deica agora prohibidas.

Na rúa, cando as manifestacións, aínda se desafina máis ¿non sí?

Pero está eiquí e bule antre nós co corazón nas máns.



HABLE BIEN

Sea Patriota - No sea bárbaro

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO

¡¡ ARRIBA ESPAÑA !!

Co permiso de Cervantes

Os autores desta pegatina dos tempos imperiales non eran lingüistas de profesión. Polo menos, non se presentaron coma tales... Tratábase, somentes, de foder aínda máis a un país, a varios países. Conseguíronno, claro está, de portas pra fóra, porque os «bárbaros» non puideron evitar entendela patriotismo doutro xeito.

A cousa estaba tan insultantemente feita que máis dunha custión histórica convertíase por momentos nun problema hormonal. Vamos, que había que deixar de ser patriota

de pegatina a p.h. e botar pola borda cumplidos e disciplinas de imposición colonialista.

Cubríuse de merda, eso sí, a imprenta sindical da Coruña. Nada extraño porque, sin estes renuncios, o centralismo imperial non podería funcionar. Chegaría, despóis, o tempo de limpar todo eso e poñer as cousas no seu sitio: Rexurdiron os bárbaros dispostos a chamalas cousas polo seu nome decindo, pouco máis ou menos, «sexa bárbaro e non fascista», compañeiro. Co permiso de Cervantes, por suposto.

Especulación:

As forzas do antroido

Os veciños de Bouzas non as teñen todas consigo. Calquer día, chega, e aparecen cadáveres a ceo aberto fóra dos nichos. Coma aquela muller de fai poucos días, deitada contra das lápidas de luxo, os brazos colgando e sin pes, comestos xa polos bermes, que ninguén soupo entón de qué cadaleito viña.

O enterrador foi logo chamado a declarar ó Xuzgado e fixéronse preguntas con respostas. O certo é que nin os mortos escapan xa á especulación e máis de ún fai negocio

a conta da Santa Compañía. Véndense parcelas do cementerio coma areas nas Rías Baixas: cinco, oito, nove mil pesetas por unidade.


As veces, o morto xa ben morto e os lutos na historia, limpan o nicho pra valeiralo: é o «nacemento» dun novo inquilino. Doutras nin tempo hai para facelos cámbeos e pasa o que pasa. Entón, claro, os mortos coma vivos brincando polo cementerio.

As forzas do antroido, calquer noite, vanse poñer rabudas.



DEMANDA DE NICHOS: A xente agarda impaciente

CAITANO





CAJA RURAL PROVINCIAL DE LA CORUÑA



OFICINA CENTRAL:

FERNANDEZ LATORRE, 11
telfs. 231590 - 232016



Xesús Mato, crego de Lugo, é un dos homes que ten traballado máis pra dar a coñecer o folclore do nadal en Galicia recollendo, xunto con outros, cantigas populares por aldeas e parroquias do país, principalmente pola banda de Lugo.

Resultas desto son os traballos de «Galicia canta ó neno», recolleita de material que logo se dá a coñecer polos días de nadal en vilas, cidades e aldeas galegas. Neste traballo X. M. fai un pequeno achegamento á sinñificación do folclore deste tempo en Galicia.

Diante das aberracións que a eito se están a escoitar respecto do folclore galego (e mesmo doutras terras), da lixeireza con que se colle e espalla, compre decir algunha cousa agora. Polo menos denuncia-lo conto pra que os que saiban e poidan non deixen que se xogue por máis tempo con algo tan importante e vital como pode ser pra nós a «fonte» onde hai que ir beber pra recompoñer as raigañas da nosa cultura popular.

Non é labourea dun soio ou de poucos. Coido que ten de ser traballo de moitos e ben xunguidos, sabendo ónde van e o que queren, apoiándose, no intre da investigación, nos feitos (gosten ou non) e colaborando cada quén dende o seu eido no coñecemento da vida galega e a historia do noso país. Dende eiquí non fago máis que unha chamada ou un desafío pra aqueles que queiran levar adiante algo axeitado encol da cultura da nosa terra e encol, máis concretamente, da problemática do noso folclore.

Neste senso encarreiro a miña primeira colaboración pra TEIMA. Todo o que vivín e recollín durante cuarenta anos non é soio meu: é do pobo que mo dou. Pertencelle coma min. O folclore é unha das

fontes máis ricas e farturentas da nosa historia e a nosa cultura popular. Agora ben, compre traballar o folclore, estudalo a xeito, os comportamentos da nosa xente, preguntarnos cómo foi, por qué ese xeito de falar, cantar ou comportarse, qué está a decir a nosa xente coa súa maneira de vivir.

Sin esquecer o que os dicionarios din do «folclore» («a ciencia que estuda as tradicións, os costumes, a indumentaria, as lendas, os cantos, as festas, as creencias, a superstición, o arte, as técnicas de construción e habitación dos distintos pobos e razas do mundo»), arrincando dese fundamento, pero afondando tamén no que chamaríamos a **filosofía da Historia**, lendo a modiño nos acontecementos e nas súas causas hai que entrar na vida e entrañas do noso pobo tendo en conta que o folclore é, tamén, a verdadeira despensa onde se atopan tódolos ingredientes precisos pra coñecer, estudar á nosa xente.

OS CANTOS DO NADAL

Como mostra, e a carón destas datas que estamos a vivir, poderíamos plantexarnos a meirande riqueza folclórica de que dispoñemos: a do Nadal. ¿Hai algo máis que música e costumes neses can-

Folclore do nadal

Os cantos do nacemento

tos de panxoliñas, arrosos, cantos de berce e aguinaldo de Ano Vello, Aninovo e Reises que imos escoitar no Nadal deste ano e nos centos que xa se perderon e que non escoitaremos? ¿Dirannos algo sobor da fe, da vida, da cultura do noso pobo?

Pra responder a xeito compre saber. Primeiro: qué dixeron e de qué maneira. Despois, por qué o fixeron e qué consecuencias tivo pra eles.

¿Qué fixeron? Cantaron ó Neno e celebraron o nacemento do Fillo de Dios, con ledicia, con forza. Isto non precisa de demostración ningunha.

¿De qué xeito? Sobor de todo con cantos, xuntanzas, comidas, etc. Cantos e xuntanzas foron de sempre os soportes máis fortes. Cantábase nas lareiras das casas, nos camiños, na eirexa, diante da porta das casas de fartura e nas casas dos probes. Fixeron do Acontecemento relixioso algo séu, personal e comunitario. Sin entender teolóxicamente o misterio identifícanse con el.

¿Por qué? Ademais da fe (máis ou menos mixtificada) que latexaba dentro deles hai un feito que crarexa moito as cousas: a grande semellanza, cáseque igualdade que ato-

paron entre os dous mundos, o do Nacemento e o da realidade que levaban eles mesmos. Vexamos: un pobo labrego, marxinado, con aldeas pequenas, esquencido e asoballado, lonxe do Poder e a influencia, con pouca cultura da chamada «científica», descoñecido de todos (menos pró censo)... Unha Virxe aldeana, homilde, sen letras e sen escola, con moita fe, soia no intre do parto... Un San Xosé home da súa casa, carpinteiro do arado e amaños caseiros, servicial, de boa fé, calado, fiel, pouco se contaba con el... O Neno Xesús centro e cumio da historia, sen ter ónde nacer, despidoño, morto de frío, nun alpendre, soio, camiño da emigración cos seus pais, perseguido sin culpa... Os pastores: escravos do oficio, durmindo ó relente, gardando as ovellas, os primeiros en chegar... Veleiquí os personaxes desta historia que bota fondas reiceiras na alma campesiña. Pola outra banda: os malos de sempre, Herodes, os que están alleos ás calamidades dos protagonistas...


¿Cómo non iba a entrar todo esto nun pobo que vive unha realidade tan semellante? ¿Non se estaban vendo eles mesmos na historia? Así se mostran: poñéndose do lado dos que sofren e en contra dos causantes dos sofremientos.

MUSICA

Amancio Prada:

O compromiso estético

X. SARCEDA CASTRO



Amancio Prada é un galego do Bierzo, o que, asegúñ il, esprica o bilingüismo do seu primeiro disco, aínda que o argumento non sexa convincente. Amancio pasa en París cinco anos onde desenrola o seu perfeccionamento musical. Ista estada en París condicioará a súa laboura musical. Aló coñoce á «élite» dos músicos franceses, chegando a dar recitás nos millores locás de Francia, coma O Bobino (sala que eiquí fíxosenos coñecida ao traveso dun disco de Georges Moustaki) xunto ós cantantes mais famosos coma Georges Brassens, etc., acompañado xa polo concertista de violonchelo arxentino EDUARDO GATTINONI.

En Francia faise unha laboura musical mais inteleitualizada, cunhos tintes de «Música de Cámara». En Galicia, pola contra, o que predomiña nises intres (son os anos 70) é unha música moito mais rudimentaria, feita cunha mala guitarra e peor tocada, mais, iso sí, de «combate», decindo as cousas mais craras e directas, descuidando a perfeición musical. Estaba moito mais crara a finalidade da música: a concientización política, factor éste non moi craro na música das «élites» francesas e de Amancio Prada. En Galicia os cantantes son rapaces que non saben cáseque música, soio unhos acordes e con pouco xeito. Amancio, pola contra, estuda e perfeiciona os seus estudos musicás, traballa moito mais nunha perfeición vocálica i estilística.

Amancio Prada graba en Francia o seu primeiro disco, «VIDA E MORTE», con poemas de Rosalía de Castro, Celso E. Ferreiro, Darío X. Cabana, Nicolás Guillén, Miguel Hernández, Luis López Alvarez, e do propio Amancio Prada. E iste un disco onde xa se nos mostra coma un verdadeiro artista, onde destaca a súa gran sensibilidade e unhas musicacións do máis axeitadas ós poemas, cáseque fundidas nunha soia unidade poema-canción. O acompañamento musical, de guitarra e violonchelo xuntos, é, nises intres, algo novo na música que se está a facer en Galicia, e que aportará gran espresividade á música galega. O disco pasou cáseque inadvertido, quizaves tamén pola dificultade de atopalo eiquí naqueles intres.

A súa consagración definitiva virá dada polo seu segundo disco, «ROSALIA DE CASTRO», adicado íntegramente á nosa poetisa. Obra ista moito máis coherente, debido tamén a súa unidade poética.

A laboura de musicar a unha poetisa da talla de Rosalía de Castro, podería parecer moi arriscada. O normal nistes casos soe ser unha trivialización dos poemas; mais temos eiquí unha feliz esceición. A inspiración das melodías, nas que

non se limita a ser un acompañamento musical senón que chega a un «re-creamento» dos poemas, a súa calidade vocálica e, por suposto, o acompañamento dise virtuoso do violonchelo, Eduardo Gattinoni, convirten iste traballo nunha das obras mais interesantes de musicación de poemas que se fixeron deica hoxe en todo o Estado Español.

Fai poucos meses voltou a sorprendernos moi agradebelemente coa saída de seu terceiro disco, «CARAVEL DE CARAVELES», onde se nos manifesta coma gran troveiro galego. Disco iste que manifesta outra vegada mais a súa constante superación da calidade acadada. «Caravel de caraveles» foi un espectáculo montado o derradeiro mes de Nadal no Pequeno Teatro do T.E.I. de Madrí, acompañado por Eduardo Gattinoni, Alejandro Massó, e Carmen Martín Gaité á que lle adica o disco.

Amancio adícase neste disco a recoller un fato de cancións populares e darlles un novo tratamento a base de «recuperar» instrumentos tradicións coma a Zanfoña, á que Faustino Santalices adicou a súa vida e do que algún día falaremos eiquí en xusto recoñecimento e homaxe, reincorporándolles ise tono medieval ás cantigas. O resultado é un disco cáseque perfecto, cunha moi pequena chata coma pode ser a súa voce sobexamente moldeada e doce, o que xunto a súa esquisita espresividade dalle a súa música un ar de «Música de Cámara», feita mais ben pra ser cantada en escaerios crásicos coma eirexas, salós de algún castelo medioeval, etc... De tódolos xeitos coido que é unha obra moi acertada e positiva na que tamén temos de suliñar os acompañamentos de Eduardo Gattinoni no violonchelo, Alexandro Massó ca Teorba, a flauta, os cromornos e a percusión, e do mesmo Amancio Prada ca guitarra e a zanfoña, nunha gran unidade espresiva transmisora desa outra espresividade que o pobo creou e sigue a crear.

Amancio Prada nunca cantou cancións escesivamente comprometidas, característica ista que o sitúa nunha diferente gama de compromiso na que están cantantes coma os do Movimento Popular da Canción Galega, Miro Casabella, Xosé Manuel Conde, Fuxan os Ventos, etc..., que conciben a música coma elemento sensibilizador dun pobo e unha cultura que loita pola súa normalización. O compromiso de Amancio Prada é mais ben un compromiso estético, mais non por iso carente de valor ou escluinte. E necesaria tamén a laboura de conservar e adaptar a hoxe aquelas cancións que o pobo creou e que ó longo de tantos anos sigue a conservar. «... feliz o artista que, á súa vegada, retorna en obra de arte o que do pobo recibiu («Felipe Pedrell).


LIBROS

O Carlismo galego

A meirande parte dos galegos coñecíamo-lo Carlismo ou polas narracións do Valle-Inclán ou ao traveso de contos de vellos máis ou menos fidedignamente transmitidos. Sabíamos que frades, cregos e fidalgos gardaban armas nas sancristías ou capelas dos pazos e conspiraban abertamente contra do «liberalismo isabelino» no nome da «causa». Pero eran, en definitiva, impresións neboeiradas e non sabencias certas. Pra desfacer e esfargullar estes entortos históricos nada millor que o libro de Barreiro Fernández (1) que, cousa estraña na historiografía galega, esgotou o tema dun xeito sistemático sin andar mudando de pola.

Utilizando unha pila de informacións tiradas dos arquivos (a máis sobranceira, donada pola familia Castroviejo-Blanco Cicerón á Universidade de Santiago), da prensa, de obras e folletos coetáneos, o autor compón un cadro da relevancia e desenrolo do Carlismo en Galicia, que ben pode considerarse practicamente definitivo, en canto ao volumen de información e novas suministradas. As conclusións, nembargantes, terán que ser revisadas nun próximo futuro coma en calquer obra histórica que se precie, e máis no caso galego onde o coñecemento que temos do século XIX non é moi abondoso. De calquer xeito, o libro constituíe un excelente punto de partida, non somentes prao asunto do Carlismo, senón como punto de referencia obrigado pra calquer traballo que se achegue á problemática do XIX galego.

O contido do libro pódese tallar en tres partes ben diferenciadas entre sí. Comeza cunha aproximación ao «pre-Carlismo» que serve máis ben de presentación do escenario e remata cunha visión alongada do «Carlismo de la paz», pero o verdadeiro miolo do traballo son as dúascentas carillas adicadas ás guerras Carlistas, é dicir, de 1834-40, 1847-48 e 1869-75. Detallando de miúdo tódalas fazañas e asonadas das faccións Carlistas, váinos presentando aos protagonistas e os seus campos de actuación. A primeira conclusión que se tira é a de



que o Carlismo galego non foi un movemento organizado militarmente coma no País Vasco-Navarro, senón que estivo primordialmente caracterizado pola súa pouca cohesión de xeito que a única vez que Galicia presenciou un Exército Carlista foi que veu dende Castela. Isto nun quere dicir que as guerras Carlistas galegas foran simples escaramuzas. As guerrillas Carlistas, que era a súa organización militar, tiveron unha grande implantación ao longo de todo o territorio galego, revivindo así as datas da loita contra os franceses e presaxiando futuras épocas guerrilleiras, algunhas delas aínda recentes.

Unha segunda conclusión que chama a atención no análisis do libro é a pouca identificación que tivo o campesinado co ideario Carlista. Esta tesis explicáila o autor revisando os procesos seguintes a cada apresamento dunha facción, onde inda que aparecen campesinos, outros datos paralelos confirman que a súa participación era xeneralmente ocasional e en calidade de mercenarios. E dicir, o campesino formaba parte das faccións Carlistas coma asalariado e nunca persuadido por un programa político que realmente non lle iba a resolver os seus graves problemas —coma tampouco llós resolvéu a outra alternativa, o programa liberal—.

Dito isto, é doadiño saber qué forzas sociais apoiaban ao Carlismo: o clero rural e urbano —pois o Carlismo non foi simplemente un fenómeno ruralizante nin unha loita campo «versus» cidade, senón unha alianza de clases rurales e urbanas interesadas e comprometidas no mantemento dunha mesma situación— e a fidalguía intermedia cuíus ingresos procedían case íntegramente das rendas da terra. Forzas sociais que entendían o programa Carlista coma método de defensa máis eficaz dunhos privilexios desfeitos polas lexislaturas desmortalizadoras e desvincalladoras. Enfrente, estaban case tódolos militares, os profesionais liberais e a maioría da nobreza, agás contadas excepcións. O campesinado parece non inxirirse a ningunha das dúas bandas.

O contraste do compoñente sociolóxico do Carlismo galego có semellante fenómeno que estivo a darse no País Vasco-Navarro é sensiblemente diferente, ao eliminar da belixerancia Carlista as escalas máis baixas do mundo rural. Isto significa que ou ben se teñen que revisar as interpretacións que deica agora se viñan dando do Carlismo, ou que o fenómeno do Carlismo galego responde a características diversas das outras áreas peninsulares. Como o nivel de coñecementos das grandes variables socio-económicas da época estudiada non están aínda ben clarexadas —cousa que o autor bota de menos— resulta difícil ir máis aló dun prantexamento sociolóxico do problema e adiantar unha serie de hipóteses que anque ben fundamentadas e moi coherentes terán de ser confirmadas asegún vaia arrequecendo o coñecemento do S. XIX en Galicia. Isto non significa ningún demérito prao libro; pola contra, todo traballo de historia feito con seriedade, compre que deixe máis custións prantexadas que resultados certos e dogmáticos.

LUCAS OROSA

(1) J. R. Barreiro Fernández. «El Carlismo gallego». Edit. Pico Sacro. Santiago, 1975.

Ze Luis, espulsado

«E xa que se o fin buscado era o fin do grupo, había que conseguilo, e pra elo bótase a Ze Luis, de quen o único erro foi vir facer música a un país no que hastra a música loita por non morrer». O batería brasileiro apenas tivo tempo pra galeguizar un pouco o seu marcado acento. Cáseque non falaba nas presentacións, pro sentía a música coma ninguén. Tamén escomenzou



a senti-lo sufrimento dunha xente que, coma a súa, loitaba por se liberar.

Primeiro con «Ben Vira», logo con «Roi Xordo», Ze Luis foi coñecendo a realidade galega e sentíndose cada día máis perto dela. As autoridades españolas ordenaron a súa expulsión. O motivo, ó parecer, foi unha actuación de «Ben Vira» na Coruña no mes de setembro, nun festival ó aer libre organizado pola Asociación da Prensa e o Colexio de Arquitectos, no que Ze Luis non dixo ren. «Hai cinco séculos —din os seus compañeiros— mataron a «Roi Xordo», cinco séculos despóis as cousas cambearon tan pouco que «Roi Xordo» é morto polos novos señores feudais».

Os bos e os malos

Veleiqué agora, ó traveso do folclore, unhas mostras. A Virxe (miña ruliña, déixame o Neno, Nosa Frol, probe Naiciña, pra que centémolo Neno, caldo, filloas, guedelliños, camisiñas, roxós, berces dourados, etc.) danlle todo o que a eles lles parece bó. O Neno leva sempre o agarimoso «meu» por dediante (meu ruliño, miña prenda, meu queridiño, meu ben, meu carabeliño, meu carrapucheiriño, quixera terte no colo e o teu corpiño arrolar, nunhas pallas deitadiño sendo o dono deste mundo e Señor de canto hai, etc.). A San Xosé: póñense solidariamente ó seu lado (todo acabará, non chores velliño, descansa meu vello, cóidoches o Neno, fáille un arado, non fagas cruces, etc.). O mesmo cos pastores (eiqué vimos os pastores, vinde amiguiños, correde, vinde axiña, etc.) dos que se consideran máis achegados e semellantes.

Pola contra, nos outros, o pobo ceiba tóda a súa raiba mesmo esaxerando a historia (fillo do demo, crudel, sen entrañas, qué lle fixo ó Neno, eiqué non hai caridá, etc.), ó falar de Herodes.

O NADAL COMO TESTIMUÑA

¿Qué conclusións poderíamos tirar xa? ¿Qué valores e contra valo-

res? Mírase ben. Como valores: a encarnación do Misterio nas súas vidas, o espallamento que del fan, o protagonismo que lle meten, o senso de irmandade, xuntanza e solidariedade, a loita calada contra da inxusticia e a falla de amor, o saber aproveitar o feito (algunha vez ó ano) de que tamén eles teñen algo que decir, etc. ¿Contra valores? Senso de resiñación agachada, falla de esperanza (xa dende o punto de vista cristián) na Resurrección (por eso a festa de Pascoa lles di menos, cousa que non debera ter senso nunha verdadeira conciencia de fe cristiá onde a dor, o sofrimento e a morte non teñen senso sin a liberación, que eiqué non se ve clara), falla de continuidade no espallamento que vivían estas datas sin levalo ó resto do ano e, por outra banda, irense pasando ó castelán no intre de lle cantar ós ricos (cousa que se mira moi crara nos cantos de Reises)...

De tódolos xeitos bule moita vida no folclore do Nadal. E non sómentes no Nadal; noutras festas e costumes coma os fiadeiros, o antroido, maíos, fogueiras de San Xoan, as segas, as mallas, a vendima, a sacuda, a esfolla do millo, as matanzas, as regueifas e saraos, romarías, etc. Debaixo de todo esto latexa a alma, as inquedanzas e a historia dun pobo. A despensa témola na casa.



GALICIA CANTA O NENO
Unha historia baixo cada cantiga

ESCOLMA/TEIMA

LIBROS

Maruxa Barrio, Xan Cojudo, Enrique Harguindey, Francisco Pilla do e Xulia Tarrío. «Textos pra o ensino do galego». Edit. Rueiro. A Cruña, 1976. 238 paxs.

Escolma de textos literarios pra axuda dos mestres que escomenzan a traballar co idioma nas escolas e que se topan coa falla de libros ou ferramentas de traballo. Leva, a máis dos testos, exercicios estruturais prós diferentes niveis de ensino do EXB e unha microbiografía dos autores. A xeito de complemento engádesse unha escolma de libros especialmente recomendados pra unha biblioteca básica. Interesante, sobor de todo, pra mestres e escolas.

Ramón Cabanillas. «Da terra asoballada». Akal editor. Colección «Arealonga». Madrid, 1976. 100 paxs. (poesía)

Os editores apoianse na edición de 1917 de Cabanillas, edición que saíu do prelo en Vilagarcía de Arousa e que recolle un Cabanillas fortemente influenciado polo agrarismo e o nacionalismo galego. En 1926, na segunda edición de «Da terra asoballada»; Cabanillas rexeita moitos dos poemas desta primeira, quítalle forza o libro. As «Obras Completas» do poeta, que saen en Buenos Aires en 1959, apóianse na segunda edición e esquencen a de 1917 que agora se reedita. Os editores ofrecen agora o testo da primeira edición como unha testemuña dun Cabanillas que logo, nalgúns casos, remiraría algunhas das súas posicións, pero que é un feito histórico mal coñecido. Alonso Montero di que cicais sexa éste de 1917 o primeiro libro enteiramente civil e político da poesía galega. Interesante prós estudiosos de Cabanillas e de toda a poesía galega en xeral.

DISCOS

Fuxan os ventos. «Fuxan os ventos». Philips. Album de trece temas. 1976.

Primeiro album do grupo, que dende hai tempo ven traballando na recolleita do folclore e temas populares ós que lle dan a súa propia personalidade. «Tentamos de chegar ó pobo dende o mesmo linguaxe do pobo», esplican eles mesmos. Hai letras de Cabodevila, Darío Xan Cabana, Manuel María, Celso E. Ferreiro, Cabanillas, temas populares e do propio grupo «Fuxan os ventos». Unha alternativa importante na música galega dende uns prantexamentos, por outra banda, do folk tradicional. Incorporación da zanfona nun dos temas.

«Himno galego» e «Venceremos nós» grabado en Vigo por estudantes, mariñeiros, campesiños, profesionáís, xentes da cultura galega, do teatro, das letras, etc., e producido por radio Popular de Vigo. Non hai orquestación nin arranxos. Cántase coma se canta na rúa, na Universidade. Ten o valor e a forza do sentimento, da espontaneidade. E a primeira grabación íntegra do Himno Galego, coas estrofas que deica agora estiveron prohibidas.

en Galicia...



RADIO POPULAR

VIGO, OURENSE, FERROL, LUGO

por unha radio cada día **máis nosa**

**Mais intrés
pra vostede.**



Banco Simeón

Fondado en 1.857.